



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 26 DE XULLO DE 2007

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Ángel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. María de los Ángeles Silva González
Dña.María Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.José Rodríguez Trigo
Dña.María Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Márquez

D.Luis Carlos de la Peña Arizaga
D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dña. Teresa Pérez Vieira
Dña.Laura Míguez Pérez
D. Manuel A. González Marcote

D. Xosé Enrique Fernández Fernández
Dña Ana María Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.María Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a vinteseis de xullo de dous mil sete, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pronunciando unhas palabras recordando a D.Rotilio Balboa González: "quen falleceu fai unha semana, como servidor público e como home ben querido da Parroquia de Santa Cristina, que sempre colaborou coa Parroquia e co Concello a nivel totalmente desinteresado e que dende facía 6 anos aproximadamente tamén exercía a labor de Xuiz de Paz substituto dando un servizo á Comunidade directamente na súa parroquia e despois ó resto do Concello; testimoniando con estas palabras o cariño e respecto a Rotilio Balboa González e transmitirle a súa familia, a súa muller e fillos, as condolencias; aproveitando este momento para deixar constancia do noso pesar xa que cremos que debe ser aquí, no Pleno do Concello de Baiona. Rotilio Balboa González, descanse en paz e moitas gracias pola labor realizada para tódolos veciños de Baiona."

Antes do tratamento dos asuntos contidos na orde do día toma a palabra o Se. Concelleiro do BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha CUESTIÓN DE ORDE: ¿Non é preceptivo que esté presidindo o Pleno a figura do Rei?.

SR.ALCALDE.- Foi debido a que houbo unha roda de prensa anteriormente e ós operarios de Vías e Obras non lles deu tempo a retirar a pancarta colocada para dito acto; pero a verdade é que me sorprende vostede cando nin nomeou no xuramento, na promesa como concelleiro, a figura do Rei. A figura do Rei, como sempre, preside este Pleno e vai seguir facéndoo, dende logo mentres eu siga sendo Alcalde.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- De tódolos xeitos dígollo porque non vaía ser que algún grupo político chegue a impugnar o Pleno por este motivo; agora que claro, estamos acostumados a que o Rei se quede no Clube de lates e non aparezca por Baiona e cando ten que estar nos Plenos tampouco.

SR.ALCALDE.- Moitas gracias por ese interés pola Corona Española que lóxicamente respetamos os que aquí estamos presentes e moito máis o Alcalde. Moitas gracias.

Prócedese ó tratamento dos asuntos da orde do día.

1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES.

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros si teñen alegacións que facer ás actas das sesións anteriores correspondentes ós días 21 de xuño (que quedara enriba da Mesa porque non houbo comunicación déla en tempo e forma), e 5 de xuño; non producíndose ningunha, fican aprobadas por unanimidade.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O pasado 11 de xullo o BNG presentou unha Moción en tempo e orde, para que fora incluída na Orde do Día; na Comisión Informativa llo fixemos recordar ó Sr.Alcalde, e aínda así, como él ten a potestade de facer a Orde do Día, non o incluíu neste Pleno. Isto eu non creo recordalo nunca dende que son concelleiro fai máis de 8 anos, e dende logo que por parte do BNG non vamos a tolerar que ningún cachorro franquista nos dé as liñas de actuación.

SR.ALCALDE.- Non insulte.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vostede mete o que lle interesa na Orde do Día, e o que non, xa non o trae. Non vamos a tolerar-lo, o BNG se ausenta do Pleno.

SR.ALCALDE.- Moitas gracias, non van a reventar o Pleno, e xa pode chegar á reunión que teñe establecida ás 12,30 cunha persoa en Sabarís, moitas gracias polo teatro realizado neste día; a democracia está de enhoraboa. Tiña unha reunión en Sabarís e non chegaba o Sr.Fernández, iso é o máis importante.

(Sendo as doce horas e dez minutos, abandonan o salón de Plenos os concelleiros do BNG).

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións.

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA ANO 2007.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sra.Interventora, quen procede á lectura da seguinte Proposta incluída na Memoria da Alcaldía:

PROPOSTA DE ACORDO:

O obxecto de poder atender as diversas obrigas de competencia municipal e dado que o Orzamento elaborouse con observancia das prescricións legais e regulamentarias relativas ó



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

mesmo, proponse ó Pleno a APROBACIÓN do:

- **ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA PARA O EXERCICIO 2007, por importe de 7.221.615,94 €, segundo Estado Consolidado que se achega ó Orzamento, e que se divide en:**
 - **Orzamento do Concello por importe de 7.206.810,94 €.**
 - **Orzamento do Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona polo importe de 129.805 €.**
- **Das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para o ano 2.007**
- **Do Plan de Investimentos para 2007**
- **Da plantilla de funcionarios, a relación de postos de traballo e as súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.**
- **Da Relación nº 04-RE/07 de recoñecemento extraxudicial polo importe de 498.010,80 €, aprobando, comprometendo o gasto e recoñecendo as obrigas que se derivan das facturas incluídas na mesma, a favor dos acreedores e con cargo ás partidas do Orzamento de Baiona para o ano 2.007 que se detallan, e o abeiro do artigo 217 do TRLHL, e resolvendo o informe de Intervención nº 67/07.”**
- **Da creación de dous postos de persoal de confianza o abeiro do artigo 104 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, ámbolos dous con efectos 01/08/07:**
 - **Asesor en materia de actividades deportivas e protección civil, con categoría de Administrativo e unhas retribucións brutas anuais de 12.600 € distribuídas en 14 pagas de 900 € sendo dobres as dos meses de xuño e decembro. A xornada laboral será de 20 horas semanais en horario de mañán ou tarde, e desempeñará este cometido: JOSÉ MIGUEL PÉREZ VÁZQUEZ**
 - **Auxiliar administrativo do equipo de goberno, con unhas retribucións brutas anuais de 12.600 € distribuídas en 14 pagas de 900 € sendo dobres as dos meses de xuño e decembro. A xornada laboral será de 40 horas semanais en horario de mañán ou tarde, e desempeñará este cometido: MARÍA BARRA SANROMÁN**
- **Das subvencións a percibir polos grupos políticos presentes na Corporación co seguinte detalle, e con efectos 01/08/07**
 - **Subvención por Grupo:.....300 €/mes**
 - **Subvención por Concelleiro de cada Grupo:..... 100 €/mes**

SR.RODAL, PP.- Obviamente quero felicitar á señora Interventora polo gran traballo realizado na confección técnica deste Orzamento Municipal do ano 2007, que hoxe presentamos a escasos 2 meses das eleccións municipais. Isto tamén foi debido a que dende este equipo de goberno sempre existiu unha gran vontade política para que os orzamentos sexan o máis realistas posibles e éste, en concreto, polas datas nas que nos atopamos, e en especial, no Capítulo de Ingresos. Decir que o Orzamento Xeral do Concello de Baiona no ano 2007 está formado, como comentou anteriormente a interventora, polo orzamento do Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona, cunha asignación orzamentaria de 129.805 euros, e polo orzamento do Concello cunha asignación de 7.206.810,94 euros.

Primeiramente farei un comentario respecto ó Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona. Este ano 2007 é o terceiro no que este Ente vai contar cun orzamento propio dende a súa creación no ano 2004, e como todos saben, como normativa de legalidade, debe intergrarse, como así se fai, no Orzamento Xeral do Concello. A financiación de dito Organismo faise nun 89,30% con transferencias do Concello e no resto, ou sexa, o 10,70%, por transferencias do Patronato de Turismo, máis os ingresos derivados da venda de artigos da Oficina de Turismo. Este ano, como se pode apreciar, case non está dotado de inversión, cunha partida orzamentaria de 1020,80 euros así como 9000 euros máis pola liquidación do exercicio anterior por exceso de financiación afectada cos cales se pretende mercar un monitor interactivo para situálo nunha zona



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

céntrica das nosas rúas para así facilitar a todos nosos turistas maior información de todo o que se pode visitar e disfrutar no noso Municipio, así como favorecer e simplificar o traballo da Oficina de Turismo. Pero esta inversión coa que contamos ata finais do ano non interferirá no perfecto desenvolvemento do Organismo Autónomo xa que os gastos correntes son similares ós do exercicio anterior, cubríndose as asistencias a Ferias de Turismo, os gastos de publicidade, e melloras na divulgación de imáxen do noso pobo no exterior, así como o perfecto funcionamento das distintas actividades que potencian o noso turismo.

Con respecto ó Orzamento do Concello, creemos que é un orzamento moi realista e o máis positivo que podíamos levar nestes intreiros. E realista porque redúcese un 20% do ano anterior equiparando o estado de ingresos ó dos gastos; a diferenza na cuantía é debido a non inclusión nas contas de inversións que proceden doutras Administracións que se anotaron no 2006 sendo inversións plurianuais que aínda se están levando a cabo neste ano, ademais de vendas de parcelas. Decir tamén que a cuantía deste orzamento de 2007 é moi similar á do 2005; neste ano a inversión é duns 109.000 euros, básicamente dotacional, de mobiliario e equipamento informático, así como complementos para algunhas subvencións de distintas Administracións, de ahí que digamos que éste é un orzamento moi realista, porque actualmente se están levando a cabo inversións de casi 3 millóns de euros, en diferentes saneamentos, distintos plans como o PEPCHAB, como de ordenación urbana, a Gardería, o Centro de Día, o Museo da Navegación, compra de vehículos de recollida do lixo, etc. Debese recoñecer que aínda que este orzamento sexa menor que o do ano pasado, isto non vai a disminuir o funcionamento dos servizos municipais do Capítulo II, tódolo contrario, pois este ano se incrementa a partida nun 30%; un 20% irá destinado para pagar por expediente de recoñecemento extraxudicial facturas atrasadas, e o 10% restante para aumentar algunhas partidas de gastos de bens correntes e de servizos, como son o suministro de enerxía eléctrica, combustible de vehículos, gastos Escola Obradoiro, etc., eses 252.000 euros recollen unhas previsións moito máis realistas que en anos anteriores.

Este é un orzamento positivo pois dende o ano 2001 é a primeira vez que no mesmo se introduce recoñecemento de pago como dixen anteriormente, de tódalas facturas adeudadas do ano 2004, por un importe de casi 500.000 euros, ou sexa, 80 millóns das antigas pesetas; así como a inversión farase con diñeiro de ingresos correntes e non de préstamo como se facía ata agora; ésta é a política que leva o actual equipo de goberno para reducir ano tras ano a deuda viva do Concello e que estimamos que a finais do presente ano ronde o 20%, que como todos saben, é un nivel de endeudamento baixo para un Concello das nosas características.

Como novidade destacar a dotación dunha partida inicial de 9000 euros para elaborar a relación de postos de traballo, un instrumento necesario e imprescindible en calquer Concello, que determinará e valorará os postos necesarios no Concello; por outra parte se regulará a situación dunha serie de traballadores co incremento de entre 1 e 2 niveis nos diferentes grupos afectando esta mellora a uns 22 traballadores de todo o Concello, sendo este ó terceiro ano consecutivo que se ven levando a cabo dito incremento de complemento de destino. Este orzamento tamén contempla a creación de 3 prazas de axente de Policía, para adaptarse á Lei 4/2007 de Coordinación das Policías Locais, unha praza de Oficial de Policía, outra de Auxiliar Administrativo para nosa Administración Xeral, e a última a de un aparelador para mellorar o rendimento da Oficina de Urbanismo; por todo isto, dende o PP, e dende o equipo de goberno, creemos que este orzamento que presentamos e que conta con maior rexistro de ingresos e un maior mantemento dos gastos, cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria e que sen dúbida é o máis positivo, máis realista e o mellor para todos os baioneses e baronesas. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE.- Moitas grazas, Sr.Presidente, bós días a todos e a todas, antes de escomenzar a nosa exposición do primeiro punto da Orde do Día, recordarlle ó Sr.Alcalde que situacións como as que se deron neste Pleno, onde un grupo tivo que ausentarse, non é unha sinal de hixiene democrática; vostede decía no último Pleno, éste é o cuarto Pleno, primeiro foi de constitución, o segundo de organización, o terceiro xa foi con contido, e nese Pleno vostede anunciaba que éste ía ser un mandato de consenso; da a impresión de que o Sr.Alcalde entende o consenso cando se lle apoia nas súas mocións e nas súas propostas porque nese Pleno levabamos unha proposta que foi apoiada por tódolos grupos; recordarlle ó Sr.Alcalde que a hixiene democrática tamén é apoiar as propostas dos outros grupos e non rexeitar unha parte importante de representatividade que temos os grupos da oposición, aquí hai 8 concelleiros, no goberno hai 9, non se debe despreziciar ningunha das iniciativas que se traen ós Plenos para poder debatir entre todos as propostas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Evidentemente a hixiene democrática pasa por non insultar a ninguén desta Corporación, entendo que ó Alcalde tampouco, non hai que chegar ó insulto; dende logo “cachorro franquista” non o dixo o Alcalde-Presidente, o dixo outro grupo, e se ausentou outro grupo; e nos próximos días poderemos saber porque dende o primer momento este Pleno intentou ser reventado polo BNG, eu teño unhas teorías que discutiremos ó longo do Pleno, pero decirlle que o rodillo para nada se está pasando nesta lexislatura, nin se pasou na anterior nin se vai pasar agora, como demostraremos con diferentes mocións que se presentan aquí onde se incorporan abanicos de tódolos grupos políticos, cando si se quixera implantar o rodillo dende logo non sería así e sería unha representación proporcional da maioría. De todas formas o que creemos é que o BNG perdeu os papeis neste momento, saíu do Pleno sin ton nin son, e seguramente o Sr.Xosé Enrique deberá explicar a tódolos baioneses porque se ausentou hoxe do Pleno máis importante do ano.

SR.LORES, PSOE.- Escomenzando xa co punto da Orde do Día, o grupo socialista, tanto ó Orzamento de Turismo como ó Orzamento do Concello, dedicamoslle tempo, horas, e creo que interés; entendemos que cando se presenta un Orzamento é como a directriz política onde se presentan as iniciativas políticas, as propostas que o goberno municipal vai executar no exercicio ó cal se presenta a aprobación, intentamos estudiálo con cariño e non atopamos esa dirección política, esas propostas, ese tratar de solucionar os problemas que Baiona nestes momentos necesita e urxe; é urxente que dende o Concello se tomen iniciativas e propostas, que se tomen decisións.

Nós, como poderá saber o Alcalde e o resto dos concelleiros, nin controlamos ós hosteleiros nin ós medios de comunicación e hoxe na prensa fálase da situación de casi crisis que está a sufrir o sector do Turismo en Baiona que parece que practicamente depende única e exclusivamente do sol, iso decían os hosteleiros, hoxe ven na prensa, que a actividade turística de Baiona depende do tempo, bueno, todos entendemos, polo menos os que estamos aquí, que a actividade turística en Baiona é un factor si non o máis importante, sí é dos máis importantes da nosa Vila e do noso Concello, e nestes momentos está a sufrir un traspés importante por culpa da meteorología; vostede leva gobernando neste Concello vai agora para 3 anos, e nesos 3 anos houbo, como decía o Sr.Rodal, portavoz do PP, houbo 3 orzamentos independentes para o Organismo Autónomo de Turismo, e durante estes 3 anos Sr.Alcalde non foi capaz de buscar nada, absolutamente nin unha soa iniciativa que desestacionalice o turismo, que faga que o tempo aínda que sexa importante non sexa decisivo na actividade económica da Vila, e presentanos un Orzamento, e polo tanto, unha proposta, para este Organismo Autónomo, que a única inversión que ten é a reposición dunha porta; isto eu non sei que dirán moitos habitantes desta Vila que viven do Turismo de que por parte do Concello non haxa nin unha soa iniciativa que garante ese ingreso durante todo o ano.

O único que este concelleiro, a única iniciativa que este goberno dá para o Organismo Autónomo de Turismo, é a reposición dunha porta dunha Oficiña e un monitor interactivo; eu non sei si o Sr.Vilar cando dixo, e que é certo, que él foi ún dos que moveu a constitución deste Organismo, pensaba que ó final se ia a converter en esto, que xa a propia Interventora dí que para o que se está a xestionar non fai falta un presuposto independente, e dende o PSOE decimos que para o que se está a facer e a xestionar, e as iniciativas que se están a propór dende o Organismo Autónomo, non fai falta nin Organismo Autónomo, porque para pagar 23.000 euros de folletos, asistencia a Feiras, reposición dunha porta e instalación dun monitor interactivo, creo que sobran moitas cousas e sobran moitos gastos; creo que sobra absolutamente todo; sobra o Organismo Autónomo, e si me apura un pouco, sobra ata o Concelleiro, porque isto non hai por onde pillálo; non hai por onde pillálo tendo en conta a crisis que nestes momentos está a sufrir o sector e o que están reclamando, que non o decimos nós, aínda que sí posto que durante estes anos o fomos criticando, que é a falta de iniciativas culturais, a falta de iniciativas que creen atractivos para a Vila de Baiona, iso nos últimos anos foi dunha ausencia total e neste ano creo que incluso se incrementou; o Sr.Alcalde saiu o outro día na prensa disculpándose porque neste ano o programa cultural do verán, él non o decía iso, pero vamos, que era pobre, pero que no seguinte iban a pór máis empeño; bueno, o Sr.Alcalde leva 3 anos, creo que podía xa estar un pouquiño máis afeito a estas cousas e adicarlle un pouquiño máis de tempo. Polo tanto, o presuposto do Organismo Autónomo de Turismo, eu creo que non é un insulto, pero creo que sí é un desprecio absoluto polo sector da hostelería.

Xa do Orzamento Xeral do Concello, pois que quere que lle diga, visto por un lado ou polo outro non fomos capaces de atopar ningunha iniciativa que dinamice o Concello, nin de atopar ningún tipo de inversión que merezca a pena, o único que está facendo vostede é manter unha infraestrutura para que funcionen os



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

servizos administrativos e para darlle cobertura ó equipo de goberno; iso é o único que parece que se ve; vostede fala na proposta da Alcaldía de que intenta resolver con estes Orzamentos os problemas xerais de Baiona e nós non vemos por ningún lado que vostede atalle ningún destes problemas.

O que sí parece que está atallando son unha serie de compromisos que non sei a que se deben, e nos non temos nada (e que vaia por diante) contra o Sr.Felix Domínguez Pérez, exconcelleiro e compañeiro desta Corporación, ó cal este grupo socialista e este portavoz respetan persoalmente, e no seu traballo tamén, pero a contratación dun Asesor deportivo cando fai un ano, ou menos dun ano, que saíu a plaza fixa de Director técnico deportivo, e cando hai unha concelleira, que agora se cree unha plaza de asesor deportivo non nos parece que sexa unha prioridade neste Concello; e nós non temos nada, nin moito menos, en contra das actividais deportivas, entendemos que se deben potenciar, pero pensamos que á hora de cubrir necesidais este Concello primeiro ten outras.

Eu non sei si a estratexia electoral do PP ó ir taladrando ós outros grupos que naquel momento formaban coalición con él, un pouco desfacendo, é que agora ten que recuperar, ten que pechar esa ferida aberta, e no último Pleno o que fai é contratar a unha persoa de confianza do grupo de Coalición Miñorana, que tampouco nós temos nada en contra dela, pero sí para un posto que nós non considerabamos daquela imprescindible como é un Asesor de Pobos Irmáns, e agora o outro sector que quedaba ahí, que parece que había un pouco de descontento, pois o PP intenta pechar esa ferida metendo a esa persoa no organigrama do Concello; nós entendemos que as estratexias electorais terán que ir á conta dos distintos partidos, nunca á conta dos fondos públicos, iso si que xa nos parece que ten pouca gracia, que as estratexias e campañas electorais, ó final, teñan que pagálas tódolos veciños de Baiona.

Eu supoño que no antigo grupo VIB, que os homes de confianza e que apoiaron ata última hora ó goberno, teñen máis cousas que facer, senón no próximo Pleno teríamos aquí outro asesor máis de calquer outra cousa representando a ese outro grupo para, dalgunha forma, mantér ese bloque compacto; supoñemos que isto non vai a ser posible non porque o Sr.Alcalde non queira, senón porque posiblemente as persoas que poderían incorporarse non teñan dispoñibilidade para iso, polo tanto pensamos que as estratexias de partido e as estratexias electorais cada ún debe pagar as súas e non utilizar a conta dos presupostos públicos.

Tamén empezamos a ver que seguimos con Inversións por un lado e polo outro, e aquí non aparecen por ningún lado; hai temas que son importantes e que o Sr.Alcalde está reclamando, como é o Convenio da ponte municipal, convenio que o Sr.Alcalde reclama que sexa cofinanciado por 3 Administracións, a municipal, a provincial, e a autonómica, pero o que vemos nestes orzamentos é que por parte da Administración municipal, que é a que toma esta iniciativa, non se contempla neste orzamento nada para levar a cabo ese Convenio, polo cal sorpréndenos que esté tanto na prensa como nos propios Plenos falando sempre deste Convenio e do bloqueo das Consellerías con Baiona, cando por parte da Administración municipal non se dá nin un só paso; non sei quen está bloqueando este tema pero da a impresión de que non hai ningún interese en que as cousas se arranxen no Concello de Baiona.

Tampouco vemos que haxa un esforzo na promoción de vivendas sociais, botamos moito de menos a política para solucionar un gran problema que ten Baiona; vostede dí que para o próximo Orzamento, no anterior decía que en éste, e así sucesivamente, vamos a botar 10 anos e non vamos a ter onde vivir.

Tamén me sorprende que o Sr.Rodal diga que este é un Orzamento realista; esperemos que o PP se ilusione e empece a ter iniciativas para solventar os problemas.

No seguinte punto da Orde do Día aparece un rescate, unha partida económica importante, e que nestes Orzamentos nin se contempla, non sabemos exactamente como o Sr.Alcalde o o grupo de goberno van a afrontar ese tipo de decisións.

Tamén hai outra cousa que botamos en falta en canto a Servizos Sociais, hai un esforzo por parte do Estado e por parte da Comunidade Autonoma e que nesta última campaña electoral tódolos partidos, incluído o PP, fixo alusión a ela, que é a Lei de Dependencia, algo que todos consideramos boa, imprescindible, e que vai a posibilitar unha maior calidade de vida para os maiores e discapacitados. A Lei de Dependencia está en pleno desenrolo e no Concello de Baiona, nestes Orzamentos, neste momento, non hai nin un só esforzo para colaborar e para favorecer a implantación desta Lei, cando na campaña electoral sí se fixo unha relación de persoas que podían ser beneficiarias desta Lei pero resulta que agora non se pón nada de infraestrutura que dalgunha forma dé cobertura a este tipo de subvencións.

Sorprende que en Inversións se pasen casi de 3 millóns de euros a 109.000, supoño que haberá que explicálo, e é curioso que o Orzamento Xeral do Concello, son 7.200.000 euros, e si facemos reconto de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

tódolo que están a investir en Baiona outras Administracións temos que só en Sabarís Política Territorial está invertindo 1,1 millóns de euros, Medio Ambiente 2,3, e entre as distintas Consellerías de Medio Ambiente, Vicepresidencia, e outras (como recoñece o propio Alcalde) 3,7 millóns de euros; en total son 7,1 millóns; temos máis inversións por parte doutras Administracións, aquí habería que contar tamén coa Deputación, que do propio Concello; o Concello non fai inversións, o único que fai o Concello é manter unha estrutura administrativa e de goberno para vivir un ano, para sobrevivir, pero non hai iniciativas, non hai proxecto político, polo tanto, non hai nada.

Non vamos a pedir a retirada do Orzamento porque non tería moito sentido pero o que sí pedimos é que se pensen máis as cousas, que non se fagan as cousas por facer, que os Orzamentos están para solucionar os problemas do Concello e non para solucionar os problemas do equipo de goberno.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos aquí ante o debate do Presuposto do ano 2007 e todos sabemos que se trata dun presuposto especial entre outras cousas porque foi un ano electoral e é normal que este presuposto se aprobe despois das eleccións municipais, e lóxicamente un presuposto que se fai dende un punto de vista condicionado por unha serie de gastos que houbo e máis que nada o plantexamento que se fai nese presuposto dun recoñecemento de facturas, é un tema que é imprescindible facélo aquí neste Concello e noutros Concellos; en canto a algún dos puntos que conleva o presuposto diferenciados como é o Organismo Autónomo Turismo de Baiona, dende a nosa perspectiva nós defenderemos sempre a súa autonomía e funcionamento; nós recoñecemos que aquí, por parte da Interventora, se fan unhas críticas ó Organismo como que debería procederse, a xuízo de quen suscribe, a súa integración, ó menos dende un punto de vista presupostario, no Concello, é dicir, que non se dote dun presuposto independente; é unha opinión da Interventora, non é unha opinión dun grupo político que defende este tema. Dende CMÑ defenderemos sempre que se manteña o presuposto do Organismo Autónomo Turismo de Baiona, e que funcione como tal, xa que así foi concebido; hai un novo concelleiro, a quen creo que hai que darlle un márxese de confianza e sobre todo esperemos que este Organismo a partir de agora bote a andar contando con tódolos sectores implicados no Turismo en Baiona, tal e como foi creado e como foi concebido este Organismo, e empece a dar os seus froitos. Sabemos que o Concelleiro de Turismo ten unha clara vontade de pólo a andar, de que se impliquen tódolos sectores de Baiona, e non só do Concello, senón incluso doutras Administracións como pode ser o Patronato Provincial de Turismo, e a propia Xunta de Galicia, para que teñan en valor a importancia que ten Baiona; non debemos esquecernos que Baiona é un Concello de Excelencia Turística, primer Concello de Galicia que tivo un Plan de Excelencia Turística, e polo tanto é lóxico que exista un presuposto diferenciado que siga unhas directrices políticas e que se adapte á nosa realidade. Creo que isto é o máis importante da existencia deste organismo autónomo que, por certo, foi aprobado en sesión plenaria.

Outra historia é o problema do tempo, esperemos que veña un agosto mellor e que ó final o verán se valore dende unha perspectiva global, agora aínda estamos comenzando practicamente a temporada de turismo e esperemos que ó final sexa satisfactoria para todos xa que Baiona, repito, é un dos emblemas turísticos de Galicia aínda que parece ser que hai moita xente aquí na Corporación que non cree en iso, pero nós estamos convencidos de que esa é a auténtica realidade: que Baiona é un Concello punteiro a nivel turístico e polo tanto ten que ter un presuposto do Organismo Autónomo.

En canto ás cuantías dos Presupostos, creemos que os presupostos este ano son de reaxustes; nos parece unha tendencia acertada por parte do goberno municipal, a de reaxustar os presupostos. En canto ó Presuposto do Concello, nós estamos dacordo como non pode ser doutro xeito, que se manteña o Plan de Inversións, e con respecto ás Concellerías que lle corresponden a CMÑ vaise seguir co Plan do Casco Vello, próximamente en setembro vamos a continuar coa recuperación da rúa Lorenzo de la Carrera, que é a do Concello, e que agora por razóns técnicas está paralizada esa obra; se vai seguir apostando pola mellora da realidade medioambiental de Baiona, con proxectos como son a iluminación da senda do río Fraga, en tódalas parroquias, tamén na franxa litoral, na zona de praias, o mesmo que o Plan de saneamento integral no cal se inclúe unha aposta firme para a expropiación dos terreos para a futura estación depuradora de augas residuais que ubicarase en Silleiro.

Creemos que se siguen unhas directrices planificadas dende o goberno municipal que obedecen a un plan estratéxico de Baiona potenciando estes sectores e nesa liña estamos. En canto ás actividais tanto deportivas como culturais, tamén son de noso agrado, especialmente a mellora nas instalacións deportivas



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

na zona do Aral, melloras nos vestiarios das instalacións municipais de Aral-Fontiñas, e melloras en tódalas demais zonas deportivas. Seguindo esa liña, e por tratarse dun presuposto tan especial feito nun ano electoral, lle vamos a dar o visto bó a espera de que o gran debate do presuposto, xa de acordo de gobernabilidade, vaia ser o do ano 2008 que se empezará a debatir no próximo outono. Polo tanto, e visto isto, vamos aprobar este presuposto municipal como membros do goberno.

SR.RODAL, PP.- Simplemente comentarlle ó Sr.Lores que o Organismo Autónomo Turismo de Baiona foi aprobado a iniciativa do Sr.Vilar, pero foi no seu mandato. Tamén decirlle que sinto moito que non lle guste a miña presenza como Concelleiro de Turismo e levo soamente nin 2 meses no cargo, pero creo que os votantes do pobo de Baiona creen que este sexa o equipo de goberno que os governe, e o Alcalde tivo tódala confianza en delegar a Concellería de Turismo na miña persoa e espero, e sé, que non voi a defraudálo, como non o fixen en Medio Ambiente. Vostede comentaba que non hai alternativas ó mal tempo que temos, obviamente, no sur de Galicia temos un microclima, tanto Sanxenxo como nós, pero por desgracia este ano tanto xuño como xullo foron bastante malos; esperemos, como dí o Sr.Vilar, que entrando en agosto mellore moitísimo, pero sí temos feito moitísimas cousas para que a xente teña outras alternativas (nós sí as fixemos, vostedes non), como foron as rutas alternativas no rural, creo recordar que creamos unha ruta de muiños en Bahiña, ruta moi apreciada polos veciños de Baiona e polos turistas; os muiños do río Fraga, en Baredo; creamos 7 parques infantís en dous anos e medio, isto é unha alternativa de ocio para os nenos; vostedes soamente crearon un parque infantil que aínda se está pagando por leasing. Tamén creamos un observatorio da natureza, observatorio totalmente pechado de Galicia, que é unha honra como anterior Concelleiro de Medio Ambiente, tamén un cibercentro, con multimedia na parte inferior, que ten unha aceptación tremenda; isto tamén é parte do turismo; e realmente nós non podemos facer nada co tempo pero creo recordar que foi no 2004, cando vostedes gobernaban, que tiveron vostedes 15 días en agosto nefastos, senón chega a chover eses 15 días, Baiona na segunda quincena de agosto non houbera tido auga; pois ben, este equipo de goberno, anterior e que está agora, fixo que o embalse se ampliase nun 20%; obviamente este ano non se notará tanto ese traballo feito porque choveu, pero sí garantizamos que teremos auga ata outubro polo menos aínda que non choivese dende maio; ademais tamén, como decía Vilar, a zona deportiva do Aral, antes non estaba como unha zona de ocio, e creo que o Sr.de la Peña tamén disfrutaba desa zona deportiva, un campo de fútbol moi apreciado, tanto polos turistas como polos nosos cidadáns e os nosos pequenos.

Creo que realmente sí loitamos por crear distintas alternativas de ocio, e obviamente hai que facer moitísimas máis cousas, hai que desestacionalizar, como dí vostede, e ese é un dos proxectos que teño na miña competencia de Turismo e espero desenrolálo de maneira eficaz.

Vostede tamén fixo referencia ó persoal de confianza; é certo que agora vamos a recurrir a unha persoa como é Miguel, cun gran concepto e unha gran visión do que é o Deporte, tamén a unha persoa que sí é administrativa que irá en cargos de Administración Xeral, como persoal de confianza, pero creo recordar que vostedes cando entraron a gobernar no ano 2003 puxeron un administrativo para cada grupo de goberno que naquel intre eran PSOE, BNG e VIB, e un asesor técnico para a Alcaldía, e co montante total vostedes estaban pagando 68.540 euros. Nós, contando co asesor dos Pobos Irmáns, 43.771 euros, ou sexa, que vostedes, naquel ano, estaban pagando 25.000 euros máis ó ano; con iso nós poderíamos contratar 2 administrativos todavía a máis.

Dí vostede que si é unha relación de amiguismo, que si é política, que si ten que ver Miguel con Coalición Miñorana, que si é persoa competente nas nosas listas; vostede agora dí unha cousa pero o que práctica é outra: vostedes meteron de administrativo a unha persoa que non era administrativo da súa lista e a outra persoa como asesor técnico do Alcalde que era moi cercana a vostede, pero moi, moi, cercana a vostede, era da súa familia; perfecto, me parece ben, pero o que me parece ilóxico é que agora critiquen tanto ese diñeiro como eses cargos cando vostedes o fixeron, e ampliado, no 2003.

Como me imaxinaba, vostede non fai mención ás facturas que se van a pagar, como decía antes, duns 80 millóns de pesetas do 2004, facturas que obviamente primeiro houbo que pagar as do 2003, cando vostedes estiveron gobernando 6 meses, e agora as do 2004 cando vostedes estiveron ata cando foi a moción de censura.

Sobre o que comentan da mala xestión que facemos, de que o presuposto é moi malo, quero recordarlles que nestas facturas extraoficiais que se van a pagar hai uns 30 dos antigos millóns de pesetas dunhas facturas que vostedes tiñan pendentes cunha empresa chamada CESPAA que o que facía era un alquiler polo



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

servizo de recollida de basoira, creo recordar que eran unha limpiacalles, unha barredora e un camiión con chófer, aparte do mantemento da limpeza dos contenedores; e resulta que este equipo de goberno que preside o Sr.Almuiña fai a xestión tan mal, cando vostedes estaban pagando máis ou menos uns 2 millóns e medio de pesetas cada mes, nun mandato de 18 meses, simplemente por un alquiler; e nós, agora mesmo compramos, cofinanciados pola Deputación, 3 camiións novos e unha barredora nova, e en 8 anos vamos a pagar sobre unhas 700.000 das antigas pesetas; creo que hai unha gran diferenza entre 700.000 pesetas por unha propiedade que amortizaremos dentro de 8 anos, e vostedes, que si seguiran gobernando seguirían pagando esa cantidade como decía de casi 2,50 millóns de pesetas, e non sería propiedade nosa que era alquilado; así como o que lle comentei antes do leasing; entón non creo que fixeramos as cousas tan mal durante os 2 anos e medio que levamos gobernando, e agora que estamos no primer Orzamento desta legislatura espero que sigamos facendo as cousas como as fixemos nos 2 anos anteriores.

SR.LORES, PSOE.- Sr.Rodal, non é que me guste vostede ou me deixe de gustar como Concelleiro de Turismo, os máximos respetos personais por diante; o único que estou decindo é que con este Orzamento, con este nivel de inversións en Turismo, si aquí quedan os funcionarios, a Xunta e a Deputación, sobra todo o equipo de goberno para xestionar isto, porque o único que están facendo aquí é xestionar subvencións; nin moito menos era un desprezo persoal ata o seu traballo como concelleiro, simplemente era unha crítica política a este tipo de orzamentos.

Xa entrando na crítica política creo que vostede se está confundindo de Pleno, este é un Pleno para falar de futuro Sr.Rodal, pero vostedes siguen falando de pasado, e si hai que falar de pasado falaremos, pero falaremos todos; o que se lle pide a un equipo de goberno é que nos dé alternativas, que nos explique esta ausencia absoluta de inversións, que nos expliquen esta ausencia de proxecto político, esta ausencia de iniciativas e de solucións ós problemas reais de Baiona; non se pode baixar o nivel de inversións como se baixou neste Orzamento e que non pase nada e que non se explique. E que vostedes para explicar este defecto de inversións recurran a 4 ou 5 anos atrás pois é que volve a ratificar o que nós estamos decindo: que non teñen visión de futuro, non teñen a fotografía da Baiona que queren dentro de 4 anos, nin dentro de 1 ano; están baixando en tódalas partidas que se presentan neste Orzamento, baixanse en todas, excepto na Administración Xeral, casualidade; isto é algo que deberían explicar, si nunha familia normal que cobre ó ano 30.000 euros, si se aplica o nivel de inversións que vostedes poñen nestes Orzamentos, ó final a inversión desa familia sería 300 euros; sería o que invertiría unha familia normal, 300 euros, non daría nin para os xoguetes dos Reis, e nós estamos falando de que de estes Orzamentos depende a vida de tódolos baioneses, dependen empresas, depende a calidade de vida, depende todo, e vostedes teñen un nivel de inversións que non chega a 1,50% do Orzamento xeral, ou sexa, de 7 millóns de euros vostedes inverten 109.000; isto nunha familia normal significa os xoguetes de Reis, non hai nin para comprar un sofá; este nivel de inversións non o soporta ningún presuposto familiar, polo tanto nun Presuposto Municipal onde se está xogando coa calidade de vida das persoas maiores, a educación, as empresas, as infraestructuras viais, as instalacións, todo isto vostedes non o cubren; o único que cubre é esta Casa e a súa cobertura administrativa; as inversións que hai son para equipamentos informáticos que den apoio ós servizos administrativos. Iso é o único que estamos criticando; e nos Orzamentos de Turismo, $\frac{3}{4}$ do mesmo, entón nós decimos que para isto non fai falta concelleiro, pero tampouco fai falta Alcalde, vaianse; deixemos ós funcionarios e ás Administracións, que xestionen os convenios, que xestionen as subvencións; si este Orzamento é un orzamento de sustento administrativo non fan falta vostedes aquí, vaianse, isto vai a funcionar igual, é máis, iamos ter menos atrasos porque non vai haber ningún tipo de interferencia política polo tanto as cousas van a funcionar moito mellor; deixen ós funcionarios co orzamento, que técnicamente está moi ben feito, e felicitamos á señora Interventora, porque o que non se vé aquí, aparte do traballo técnico, é vontade política; iso é o que estamos criticando, a ausencia absoluta de inversións, polo tanto hai ausencia absoluta de goberno, esto é o mantemento dunha estrutura administrativa, nin máis nin menos.

En canto ó que falaba vostede da historia ésta de CESP A que xa veño escoitando por parte do Sr.Rodal durante algúns Plenos, as cousas non son así; isto de CESP A que vostede tanto cacarea nós deixamos o goberno, que non o deixamos, vostedes o tomaron, ou retomaron, deixámolo arranxado xa cun novo convenio con outra empresa, e isto que vostede dí desas facturas de CESP A cando nós chegamos ó goberno era unha herencia que tiñamos do seu socio do ano pasado que agora xa non está, e tamén do seu actual socio, foi aquel pacto famoso entre PP, daquela Sr.Vilar, e VIB, que ó final nunca se supo moi ben quen era o Alcalde e quen non, porque se adicaron a alugar aqueles servizos de CESP A e como non tiñan



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

orxamentos, non os aprobamos, e a Interventora pode dar fé, se foron acumulando este montante de deudas que nós non tiñamos ningunha posibilidade de solucionar naquel momento porque era un problema que xa viña de antes, e ó final do noso mandato o 50% quedou resolto.

En canto ó persoal de confianza nós nunca nos opuxemos a él, o que estamos decindo é que sorpréndenos que despois de todas as deficiencias que hai neste Concello vostedes contraten a un asesor deportivo e a un asesor de Pobos Irmáns, porque vamos a ver, estamos decindo que este Concello ten moitas deficiencias, eu dixen antes que por parte do grupo socialista non temos nada en contra do Sr. Miguel nin do Sr. Francisco, pero non entendemos esas contratacións porque Baiona ten outras prioridades. Volvo a repetir, temos unha Concelleiro de Deportes, un Director técnico deportivo, e agora metemos un asesor, ¿para que queremos á Concelleira, para qué o Asesor?, ¿ún para traballar e outro para entrega-los trofeos?, explíquenos vostedes; isto ten que ter unha explicación.

Lle repito que non se confunda de Pleno, non estamos facendo memoria, estamos falando de futuro, o que pasa é que vostedes teñen que ir ó antigo porque non teñen nada por diante, hai ausencia de futuro neste goberno, hai ausencia total de inversións, e iso é así, Sr. Rodal. Eu lles pido que nos próximos Orxamentos poñan algo de ilusión, e de traballo tamén.

SR. ALCALDE.- Sinceramente creo que é unha pena que o Pleno máis importante do 2007, que é o Pleno dos Presupostos, non conte co BNG, porque seguro que tiñan moitas aportacións que facer ó mesmo; tamén decir que é triste que para o PSOE a democracia sexa decir que desaparezan o Alcalde e os concelleiros do equipo de goberno (supoño que os da oposición tamén), pero creo que non, que a democracia é outra cousa, o pobo falou e por iso estamos nós lóxicamente aquí.

Sinalar fundamentalmente que este é o primeiro Presuposto que vai aprobar unha Corporación da provincia de Pontevedra seguro, e creo que de Galicia tamén, despois de tan pouco tempo da celebración das eleccións municipais; noutros sitios aínda están discutindo polos despachos e polos soldos, e nós aquí, e por isto teño moito que agradecer a Manolo Vilar, a CMN, pola colaboración para hoxe poder estar aquí cun Presuposto novo ós 2 meses practicamente das eleccións municipais; agradecer tamén ó Concelleiro Sr. Rodal a exposición que fixo deste Presuposto, e ó servizo técnico de Intervención xa que fixeron un traballo moi importante; decir tamén que lóxicamente si nós quixeramos adornar o presuposto poderíamos inflálo con 3.700.000 euros xa que neste momento se están desenrolando inversións en Baiona por este diñeiro, pero nós non queremos enganar a nadie, vamos a añadir máis inversións nos 4 meses que quedan de ano pero estamos desenrolando este Presuposto.

Penso que o Sr. Lores ó mellor non tivo tempo de mirar ben este Orzamento porque aínda que pedimos o convenio da COPTOPV para facer o ponte da Ladeira, e foi aceptado fai máis de 2 meses, o outro día tivemos que recordarllo á Concelleira e non sabía nada do tema, pero creo que agora si hai un compromiso; nós temos un apartado, Sr. Lores, que di "reposición do ponte praia Ladeira", 40.000 euros están reservados para iso, e si cumpre a Consellería, que di que vai a pagar 1/3 do Presuposto, eu teño o compromiso persoal tamén do Presidente da Deputación para que él pague outra parte; polo tanto, non digamos cousas que non son certas.

Dende logo que o Concello de Baiona podía haber invertido máis nestes 4 ou 5 meses que quedan, pero dixemos: "estamos desenrolando inversións por 3.700.000 euros, vamos a tratar de sanear as arcas municipais que outros adicaron a gastar sen ter partida presupostaria, que son esas facturas que quedan", porque curiosamente, o Sr. Lores, do apartado de 80 millóns de facturas, non dí nada, pero resulta que son facturas, no 95%, do seu período.

Vamos a facer melloras en persoal, vamos a ser os primeiros que nos adaptemos á nova Lei de Coordinación da Policía Local, onde teñen que ir máis axentes de Policía, onde se reconece un grupo superior ó que teñen neste momento, e onde haberá unha mellora en complementos de destino para un grupo importante de funcionarios.

Sobre o de que a Xunta invirte máis que o Concello de Baiona, home, só faltaría que a Xunta de Galicia non invirtira máis que nós, sería increíble sendo unha Administración superior. Si vostede colle o anexo de Presupostos onde di: "fondos propios", son propios, son do Concello de Baiona, e son 2.200.000 euros; non é verdade o que di o Sr. Lores; de tódolos xeitos estamos contentos coas inversións que poida facer a Xunta aquí, e nós vamos a seguir presentando proxectos; ademais estamos encantados dende que o outro día en Gondomar, o Delegado de Vicepresidencia, prometeulle ó novo Alcalde que vai ter un Centro de Día para persoas dependentes en canto lle dé un terreo para facélo; nós xa o temos aprobado, temos o proxecto e a



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

financiación de Vicepresidencia, polo tanto creo que estamos facendo os deberes e que neste momento estamos por diante do Concello de Gondomar, polo menos nese aspecto, e tamén noutros moitos.

Eu espero que a Xunta, sobre todo a COPTOPV, cumpra os compromisos que ten pendentes con Baiona, moitos compromisos firmados e non cumpridos, varios convenios, e o último que estamos reclamando é que a Concelleira cumpra o compromiso que fixo diante de tódolos veciños o outro día de que ia ir para adiante ese Convenio; e que nós neste momento vamos a adaptar o presuposto a un novo ano cunha vixencia de 4 ou 5 meses máis e vamos a sanear o Concello todavía máis, intentaremos ser un Concello que teña moito que demostrar a outros pagando facturas dun anterior equipo de goberno, co aforro que facemos pagamos facturas e aínda por encima invertimos no que necesitamos neste momento. Polo tanto este é un gran Presuposto que supón unha gran mellora para 4 ou 5 meses que quedan e entendemos que non podemos esperar a facer todas estas melloras, melloras para os provedores que verán satisfeitas as débedas que tiñamos con eles, melloras a nivel tanto de persoal como de tódalas instalacións e servizos do Concello de Baiona; por todo isto creo que este é o Pleno máis importante do ano e que ademais ten puntos que despois veremos, como é o do aparcamento da Palma, que son fundamentais.

SR.LORES, PSOE.- Eu quero insistir, Sr.Alcalde, vostede fala de inversións pero son inversións que están ahí e que en tódolos Orzamentos van aparecendo, eu quero que quede claro neste Orzamento que a partida de Inversións que se aproba neste Pleno son 109.000 euros, nin un euro máis, nin un euro menos, iso é o que estamos aprobando, o que vostede di son outras cousas; o Orzamento que aquí se presenta é un orzamento onde hai 109.000 euros de inversión, e iso é o que hai; antes había 3 millóns de euros e agora hai 109.000, non hai outra cousa; vostede fala das inversións pero hai algunhas que xa son do ano pasado, e o que estamos aprobando é o que acabo de dicir; non pode vostede presentar un Orzamento e falar doutro, aquí en Inversións hai soamente 109.000 euros, esa é a cifra que vostede dá, non é que nós a inventemos. Neste Orzamento non hai nin un só esforzo, nin unha soa dedicación do Concello á Parroquia de Sabarís; todo o que se fixo en Sabarís é doutras institucións, todo; non hai nin para humanizar nin un só espazo e aquilo aínda sigue tendo aspecto de desgracia e de caos, tendo en conta as inversións que se fixeron, entón o normal é que nestes Orzamentos o Concello fixera un pequeno esforzo en humanizar aquelas rúas, isto é o que nós botamos en falta. As institucións, tanto a Provincial, no seu momento a Municipal, e a Autonómica, sí que están invertindo, o Concello está desaparecido, é dicir, nestes orzamentos non se contempla nada. As inversións son as que son, e as únicas que hai son de apoio administrativo, non hai outra inversión, polo tanto é un Orzamento que nós non vamos a aprobar.

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, soamente lle digo que lea os Orzamentos porque senón o fai lóxicamente non poderá ver ningunha partida para Sabarís.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por 9 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ); fronte a 6 votos en contra, PSOE.

E polo que, o Pleno, por maioría, acorda APROBAR:

- **O Orzamento Xeral do Concello de Baiona para o exercicio 2007, por importe de 7.221.615,94 €, segundo Estado Consolidado que se achega ó Orzamento, e que se divide en:**
 - **Orzamento do Concello por importe de 7.206.810,94 €.**
 - **Orzamento do Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona polo importe de 129.805 €.**
- **As Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para o ano 2.007**
- **O Plan de Investimentos para 2007**
- **A plantilla de funcionarios, a relación de postos de traballo e as súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.**
- **A Relación nº 04-RE/07 de recoñecemento extraxudicial polo importe de 498.010,80 €, aprobando, comprometendo o gasto e recoñecendo as obrigas que se derivan das**



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

facturas incluídas na mesma, a favor dos acreedores e con cargo ás partidas do Orzamento de Baiona para o ano 2.007 que se detallan, e o abeiro do artigo 217 do TRLHL, e resolvendo o informe de Intervención nº 67/07.”

- A creación de dous postos de persoal de confianza o abeiro do artigo 104 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, ámbolos dous con efectos 01/08/07:
 - Asesor en materia de actividades deportivas e protección civil, con categoría de Administrativo e unhas retribucións brutas anuais de 12.600 € distribuídas en 14 pagas de 900 € sendo dobles as dos meses de xuño e decembro. A xornada laboral será de 20 horas semanais en horario de mañán ou tarde, e desempeñará este cometido: **JOSÉ MIGUEL PÉREZ VÁZQUEZ**
 - Auxiliar administrativo do equipo de goberno, con unhas retribucións brutas anuais de 12.600 € distribuídas en 14 pagas de 900 € sendo dobles as dos meses de xuño e decembro. A xornada laboral será de 40 horas semanais en horario de mañán ou tarde, e desempeñará este cometido: **MARÍA BARRA SANROMÁN**
- As subvencións a percibir polos grupos políticos presentes na Corporación co seguinte detalle, e con efectos 01/08/07
 - Subvención por Grupo:.....300 €/mes
 - Subvención por Concelleiro de cada Grupo:.....100 €/mes

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO REQUERIMENTO A SINDICATURA DA QUIE BRA GGP UNO, S.L. DE POSTA A DISPOSICION O CONCELLO DE BAIONA DAS OBRAS, INSTALACIÓNS DO APARCADOIRO SUBTERRANEO DA PALMA.

Polo Sr. Alcalde cédese a palabra á Sra. Secretaria, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Resultando que o Pleno da Corporación en data 29 de novembro de 1991 adxudicou a través de concurso público a concesión do contrato de xestión do servizo público de construción e explotación dun aparcadoiro subterráneo na Palma a entidade mercantil GGP UNO, SL.

Resultando que en data 14 de outubro de 1991 por decreto da Alcaldía acordouse:

1º.- Autorizar a al empresa GGP 1 SL concesionaria del aparcamiento subterráneo de La Palma, a hipotecar el derecho real de la concesión, por un período de 15 años, a favor de INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.

2º.- Asimismo, en caso de una eventual resolución del contrato de concesión, este Ayuntamiento reconoce el derecho a favor de INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.A, a subrogarse en la posición jurídica del actual concesionario, con el derecho a percibir las indemnizaciones que legalmente procedan“

Resultando que en data 8 de maio de 1995 o Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo declara a entidade GGP UNO SL en estado de quiebra necesaria.

Resultando que en data 14 de xullo de 1995 o pleno da corporación adoptou o seguinte acordo ““ **Declarar extinguido el contrato de concesión del aparcamiento de La Palma con al empresa GGP 1 SL sin derecho a indemnización alguna, al haber incurrido en el supuesto de extinción del**



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

contrato previsto en la Cláusula 53.1.a) del Pliego de condiciones que rigió el concurso para la concesión”.

Resultando que en data o de setembro de 1995 o pleno adoptou o seguinte acordo “Declarar nuevo concesionario del aparcamiento de La Palma, por subrogación producida a su favor al haberse resuelto el contrato con el anterior concesionario por acuerdo plenario de 14/07/1995, a la compañía INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.A, CON SUJECCIÓN AL Pliego de condiciones que rige la concesión aprobado por el Ayuntamiento en pleno en sesión 19 de septiembre de 1991, facultándose al Sr. Alcalde-Presidente para formalizar la nueva concesión ya sea en documento administrativo o en escritura pública. “

Resultando que contra o acordo plenario de data 14 de xullo de 1995 a entidade GGP UNOS L, en quiebra e INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO interpoñen sendos recursos contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Resultando que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en recurso núm. 5.545/95 interpuesto por GGP 1 SL, en quiebra, emitiu o seguinte fallo” estimar, en parte el recurso contencioso administrativo interpuesto por GGP 1 SL, en quiebra, contra acuerdo del ayuntamiento de Baiona de 14 de mayo de 1995, que declaró extinguido el contrato de concesión de aparcamiento La Palma celebrado con la empresa recurrente y declaramos la nulidad parcial del expresado acuerdo en cuanto al expresar que la extinción de la concesión es sin derecho a indemnización no deja a salvo el derecho de la recurrente a percibir el justiprecio de la concesión;”

Resultando que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentencia núm. 1085 en recurso acumulados 5.546 y 5.956 interpuestos por INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.A fallou “” estimar en parte el recurso contencioso administrativo interpuesto por INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.A contra acuerdo del Ayuntamiento de Baiona de 14 de julio de 1995 por el que se declara extinguida la concesión del aparcamiento de La Palma con la empresa GGP 1 SL y declaramos la nulidad parcial del mismo en cuanto al expresar que es sin derecho a indemnización no deja a salvo el derecho de la concesionaria al percibo del importe de las obras e instalaciones por ella ejecutadas, teniendo en cuenta su estado y tiempo que falta para el cumplimiento del plazo de reversión, con desestimación de las demás peticiones; igualmente desestimamos el recurso, acumulado al anterior, interpuesto por la misma sociedad contra acuerdo del alcalde del expresado Ayuntamiento de 13 de septiembre de 1995, sobre subrogación de la demandante en la citada concesión”.

Resultando que en data 14 de octubre de 1999 INTERNACIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. SOCIEDAD DE ARRENDAMIENTO FINANCIERO S.A solicitou ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia incidente de execución de sentenxa.

Resultando que segundo a Lei de Contratos do Estado e cláusula do Prego de preescricións técnicas a declaración de quiebra é causa de resolución de contrato administrativo.

Resultando que a cláusula 56 do prego de condicións determina “ Al término de la concesión, bien sea por incumplimiento del plazo o por cualquiera otra causa, el concesionario se obliga a dejar libre y a disposición del Ayuntamiento las instalaciones dentro de un plazo de 30 días a contar desde la fecha de terminación o de notificación de la que se trata.”

Resultando que ata a data de hoxe a Sindicatura da quiebra GGP UNO SL veñe explotando o aparcadoiro subterráneo na Palma sen ningún título concesional.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Polo exposto, a vista do informe xurídico e sen prexuízo de que o Concello de Baiona proceda ó pago das indemnizacións que resulten, previo dictamen favorable da Comisión informativa de Asuntos de Pleno, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Requirir a Sindicatura da Quiebra de GGP UNO SL que no prazo de trinta días poña a disposición do Concello de Baiona as obras, instalacións e servizos complementarios que integran o aparcadoiro.

Segundo.- Incautar o aval núm 2.688.235 da Compañía Española de seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, SA constituído por GGP UNO SL por importe de 14.000.000 pesetas (84.141,69 euros) en concepto de garantía definitiva para responder das obrigas derivadas do cumprimento do contrato.

Terceiro.- Remitir o presente acordo a Sindicatura da quiebra GGP UNO SL, a entidade mercantil GPP UNO SL, o Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo, e a Compañía de seguros e Reaseguros de Crédito y Caución, SA.

SR.VILAR, CMÑ.- Gracias, Sr.Alcalde, por darme a oportunidade de defender aquí un tema tan interesante e con tanta historia como é o tema do aparcadoiro da Palma, e quero facélo sen acritude e sobre todo dende unha óptica en defensa dos intereses do Concello que sempre estiveron salvagardados polo Prego de Condicións Administrativas da concesión do aparcamento da Palma, e creo que aquel dito tan popular que se fixo con motivo do conflito: "A Palma é nosa", hoxe recobra máis forza que nunca porque se considera que o parking é unha propiedade municipal e sempre foi así, e nadie pode ter dúbidas sobre isto. E propiedade do Concello, e a proba está en que despois do resume que fixo a señora Secretaria, toda esta historia nos leva hoxe a un Pleno histórico, a tomar un acordo importantísimo, que quizás ó vir co Presuposto Municipal poidera dar a impresión de que non se resaltou suficientemente, pero sí que hoxe é un día importante para Baiona e para a defensa dos intereses municipais.

Como resumiu a Secretaria, tra-la declaración en quiebra da empresa GGP UNO por unha serie de circunstancias que non vamos a analizar, é bastante normal que ás veces as empresas entren en quiebra, o Concello de Baiona, facéndose uso dun dos puntos que figuraba no Prego, declaraba extinguida no seu día a concesión, en concreto o 17 de xullo do 95, fai agora 12 anos, para recuperar o aparcamento sen dereito a indemnización algunha, tal e como figuraba no Prego de Cláusulas. NACIONAL NEDERLAND, que era unha empresa holandesa que había feito un leasing coa concesionaria, reclama unha serie de honorarios que non se lle habían pagado e lóxicamente as resolucións xudiciais foron en contra, en parte, daquel acordo plenario; digo que dunha maneira lóxica xa que entón suporía un enriquecemento ilícito por parte do Concello si quedamos coa obra si estaba ésta sen pagar; lóxicamente os pagos hai que facélos, iso nós o sabíamos e ademais é de sentido común, e nos parece que foi unha decisión xudicial correcta e xusta.

Extinguida a concesión, o Concello de Baiona nunca tivo interés algún en recuperar esa obra así sen máis, senón que o único obxectivo que tiñamos era que seguira prestando o servizo para o cal foi creado, é dicir, servizo de aparcadoiro soterrado cun 50% das plazas en rotación, e o outro 50% con posibilidade de venda para as persoas interesadas en adquirílas; e a empresa NACIONAL NEDERLAND recorre cando nós lle comunicamos que se tiñan que facer cargo da concesión decindo que eles non son unha empresa que se adique á explotación dos aparcadoiros soterrados e renuncian a facer a explotación dese aparcamento; evidentemente se producen, porque estamos nun Estado de Dereito, unha serie de recursos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tanto por parte da empresa quebrada GGP UNO, como de NACIONAL NEDERLAND, que fixo o leasing, así como de VIAS Y CONSTRUCCIONES, que foi a empresa que fixo a obra; e durante ese período de tempo o Xulgado nomea unha Sindicatura que empezou a exercer as súas labores dende que se declarou en quiebra esta empresa por orde xudicial; lóxicamente unha vez que se deron todos estes fallos a Sindicatura seguíu funcionando e con sorpresa de todos xa que seus balances sempre eran negativos, nunca se destinou parte dos ingresos da Palma para dalgún xeito ir amortizando as débedas das empresas coas que se tiñan débedas, que incluso había pequenos deudores que foron os que fixeron o último remate do aparcamento e que curiosamente eran os que estaban administrando esta Sindicatura. Ata o punto de que a propia Sindicatura non pagaba nin siquiera o cánon ó Concello de Baiona;



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

esta situación nós a vimos denunciando repetidas veces, que o Concello tiña que rescatar o aparcamento soterrado da Palma; por unha serie de circunstancias deixouse que a Sindicatura estivese funcionando, tiñan as suas reunións, daban suas contas ó Xulgado, pero eu teño que decir que, dende o meu punto de vista, por coñecer o problema, nunca estiven dacordo co funcionamento desa Sindicatura.

E agora, chegado este momento, teño que felicitar, ó igual que antes poden censurar a algún funcionario por algo que fixo, neste caso creo que se fixo unha boa labor tanto por parte da Intervención do Concello como por parte da Secretaría, Servicios Xurídicos, de interesarse pola situación do aparcadoiro en instancias xudiciais e propór agora ó Pleno, previos informes xurídicos e técnicos, o rescate desta concesión. Creemos que esta é unha decisión transcendente do equipo de goberno; é unha decisión que, en principio, espero conte co apoio de tódolos grupos políticos porque o rescate do aparcamento da Palma nos vai a pór nunha nova situación; lóxicamente hai unha serie de deudas, tal e como se explicou na Comisión Informativa, que hai que amortizar, pero iso é fácilmente subsanable si temos en conta que nos queda un número considerable de plazas en venta todavía e se pode recurrir a elas e incluso facer un novo Prego de Cláusulas para sacar a novo Concurso este aparcadoiro da Palma, si é que o Pleno o considera oportuno; ese será un debate de futuro, será un debate político de calado no que cada ún defenderá a postura que considere oportuna.

O importante agora é tomar este acordo, creemos que debería ser un acordo de consenso, nos dá moita pena que non esté aquí o BNG, me dá a impresión que unha das causas polas que se ausentou o Bloque deste Pleno é porque non quería debatir este punto, porque ademáis penso que estarían casi obrigados forzosamente a votar co equipo de goberno, non terían outra escapatoria si queren entrar no próximo debate que será o realmente interesante sobre o futuro da Palma. O esencial é que "a Palma é nosa", a Palma é do Concello, o esencial é que o Concello rescate este aparcadoiro, e téñese que eliminar a Sindicatura.

Neste momentos creemos que a Sindicatura non fixo ben os deberes, porque de feito por non pagar non lle pagou nin siquera o cánon ó Concello, e de seguir a Sindicatura o que se seguirían incrementando serían os intereses que había que amortizar.

Dende nosa óptica o acordo é o único posible para a defensa dos intereses de Baiona, e polo tanto o goberno do Concello propón ó Pleno o apoio para rescatar o aparcamento da Palma nos términos sinalados por parte da señora Secretaria.

SR.LORES, PSOE.- O tema da Palma é un tema complicado, e o Sr.Vilar supoño que fala en nome do PP, porque a xestión da Palma é unha xestión do PP.

SR.ALCALDE.- Fala en nome do grupo de goberno.

SR.LORES, PSOE.- Supoño que tamén en nome do PP. Todo este proceso da Palma é un proceso moi sensible. Vostede dí que queda un pouco oculto este punto da Orde do Día polo dos Orzamentos, pero iso non é verdade Sr.Vilar, vir a este Pleno con este Orde do Día é xustamente para eso, porque saíu o equipo do goberno na prensa facendo declaracións falando dos orzamentos pero non fixo ningunha mención a este punto; é un punto sensible, eu así o entendo.

Dende o ano 1991 ó ano 2007 no que nos atopamos, a Palma sempre foi unha cousa extrana, se tomaron decisións que despois se volvían a tomar, que había unha decisión dun Pleno que había un recurso da empresa que viña revocado, foron decisións moi á lixeira, aparentemente á lixeira; e agora de repente e sen saber moi ben porqué, volve a aparecer a Palma neste mes de agosto case do 2007, despois do 29 de novembro de 2001 aparece de novo un problema co aparcadoiro da Palma; non entendemos moi ben porqué. Pero ese non sería un problema porque ó final o Pleno está para tratar de solucionar os problemas do Concello pero resulta que aparece este problema pero non aparece información actual do aparcadoiro da Palma, aquí o único que se aporta é unha especie de historia de acordos plenarios onde ún máis outro, máis outro, foron interponiéndose e foron dando o final desta situación caótica, digo caótica polo que se está decindo, porque non temos ningún documento que realmente nos explique cal é a situación económica deste aparcadoiro, non o temos, non sei si o equipo de goberno o ten e non o presenta, pero nós non o temos. Fálase dunha deuda que tampouco sabemos cal é; o único que hai é unha estimación para a financeira, pero non se fala doutro tipo de deudas, polo tanto nós pedimos que dunha vez por todas paremos este rosario de decisións no aire, que poñamos un pouco de sensatez neste tema da Palma porque creo que é o que está pedindo este asunto: que se poña algo de sensatez e que se empecen a tomar as cousas en serio; que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

dunha vez por todas, o PP, que agora volve a estar no goberno, e que ten a oportunidade, poña sensatez neste tema; nós o que reclamamos é que se encargue por parte do Concello unha auditoría para saber cal é a situación económica actual da Palma que nos permita tomar unha decisión, porque estamos falando dunha inversión importante, estamos falando de que vai haber unha concesión, estamos falando de non sabemos qué, estamos falando por opinións, e creo que para tomar unha decisión deste tipo e que se arranxe dunha vez por todas o tema da Palma ten que imperar a sensatez; entón nós pedimos que este punto quede sobre a Mesa e reclamamos unha auditoría do estado actual das contas da Palma, saber cal é a deuda, cómo se xestionou durante estes anos e cales foron os ingresos, a situación económica, iso é o que pedimos, un informe económico, unha auditoría, e despois tomar as decisións que procedan, pero en principio saber de que partimos e non de opinións ou estimacións; eu creo que a Palma merece sensatez, reposo, e tomar as cousas en serio. Pedimos que quede sobre a Mesa esperando un informe técnico económico da situación actual.

SR.ALCALDE.- O feito de que este tema esté no Pleno de xullo, a 2 meses de constitución dunha nova Corporación, é porque aquí hai intención política de recuperar e defender os dereitos do Concello de Baiona. O equipo de Secretaría e Intervención levan feito múltiples xestións, lóxicamente a instancias nosas políticas, co xuíz, cos representantes da Sindicatura, con miles de persoas, recabando información, que lle foi transmitida a vostede e ó BNG e se comentou incluso fai 2 Comisións Informativas; me consta que non houbo petición de información adicional sobre esto, e o que temos claro é que no ano e medio de goberno de progreso non se fixo nada por investigar nin por saber que pasaba co aparcamento da Palma. E un ben municipal, que sería moito máis cómodo para este grupo de goberno non facer nada, ó igual que fixo o PSOE, deixar pasar o tempo e que isto se pudra, pero nós estamos aquí para traballar, en xullo, en agosto, en setembro, defendendo os intereses de Baiona, e non fai falta según tódolos informes técnicos que temos, ningún outro dato dos que xa temos. Está clarísimo, dende o punto de vista xurídico, que esa concesión non é agora mesmo a concesión orixinaria que se fixo no aparcadoiro da Palma; toda esa información confirma que a decisión que o Concello ten que adoptar é ésta, independentemente de que sería máis cómodo para o Concello non facer nada, pero dende logo nós non estamos aquí por comodidade; fíxense ata que punto que ata que nós o fixemos tampouco se había reclamado por parte súa nin o cánon que non pagaron ó Concello de Baiona; pero o cánon é un mal menor dentro do problema xeral; o problema xeral é que non se pagou ós acreedores, pasaron moitos anos e os acreedores seguen sendo os mesmos, polo tanto, haberá que utilizar a cantidade económica que se considere pero a terá que fixar o Xuíz, e nós, independentemente que derivemos ou non esta concesión, somos responsables tamén, e lóxicamente cando o Xuíz dé esa orde e diga o que ten que pagarse ós acreedores, preferentes e non preferentes, vamos a ter a sartén polo noso mango e vai estar baixo o que ten que ser: baixo a competencia do Concello de Baiona.

E triste que o PSOE (sobre o BNG, posiblemente o que dí Manolo Vilar teña moita razón) queira esconder a cabeza debaixo da ala; entendemos que non haberá outro tipo de intereses espúreos, pero dende logo o que non pode facer o partido socialista de Baiona é deixación de funcións e dende logo, si o quer facer, é súa responsabilidade, e o Concello non o vai facer e vai actuar e defender tódolos intereses de Baiona. Si vostede quere darlle voltas, dicir “agora falta unha fotocopia, agora falta tal, etc.”, eu lle digo que tivo vostede dende fai 2 Comisións Informativas a posibilidade de pedir máis información a quen quixera, non o fixo así, non o quixo facer, e estamos hoxe nun Pleno como decíamos antes moi importante porque os temas de Baiona son sempre importantes como o son os Presupostos e o tema da recuperación da concesión da Palma, e independentemente de que sexa verán ou inverno nós vamos a seguir traballando aínda que ó PSOE non lle guste.

SR.VILAR, CMÑ.- Gracias polas suas aclaracións, Sr.Alcalde. Teño que recoñecer que esta é unha decisión municipal de gran calado político porque que dúbida cabe que rescatar o aparcamento da Palma conleva unha gran intención política, é un tema no que se ven traballando dende fai moito tempo dunha maneira seria porque tomar un acordo destas características non é fácil si é que non está avalado por toda unha serie de informes xurídicos, técnicos, e sobre todo con apoio xudicial e tendo a gran arma como son os Pregos de concesións que sempre defenderon ese ben de interés municipal. Pero hai un resume que é clarísimo, o control do aparcamento da Palma ten que estar baixo control municipal, non baixo control da Sindicatura, porque a Sindicatura non ten os mesmos intereses que ten o Concello, polo tanto creemos que ademais de isto este acordo traerá consigo melloras moi importantes na Palma e no seu entorno; creo que as melloras



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que se producirán no propio aparcamento e na Palma van a ser importantes sen costarlle ó Concello nin un só euro xa que existe unha gran capacidade polo valor que ten o aparcamento de amortizar as posibles deudas e sobre todo de mellorar o entorno da Palma, pero repito, iso vai ser debate de futuro, non de agora, eu quero distinguir unha cousa da outra. Agora o importante é rescatálo, xa que nestes momentos si vostede me pregunta sobre a situación económica dos balances anuais, creo que a Sindicatura ó longo destes anos non deu ningún balance e sobre todo non chegou ó Concello, pero no chegou porque repito: é unha Sindicatura xudicial, o Concello non pode intervir en ningunha sindicatura xudicial; polo tanto a única forma de que nós poidamos intervir ahí dunha maneira sería é tomando este acordo que é o rescate do aparcamento soterrado. Polo tanto dende o noso punto de vista de goberno non estamos dacordo en que isto quede sobre a Mesa, non sería bó, creo que o importante a tomar o acordo posto que está todo documentado, teñen todala información posible e é o acordo que mellor defende os intereses de Baiona e os intereses do Concello nestes momentos; polo tanto levaremos adiante este tema tal e como figura na nosa proposta.

SR.LORES, PSOE.- Quixera facer unhas preguntas concretas, que cuantifiquen canto se debe á Sindicatura e ademáis é que aquí empezamos falando dun historial de decisións de Pleno e agora xa estáse falando de máis cousas; estáse falando doutros intereses, intereses que nós non coñecemos, aquí hai outra información e outros intereses, non sabemos si bó ou malos, pero hai outros; nós o que non podemos é dar aprobación a algo que descoñecemos e non sabemos as consecuencias dunha decisión; non temos información, vostedes si teñen outra información, e non sabemos exactamente que é o que queren, nin porque razón ten que ser agora; ¿qué pasa? ¿qué hai algunha relación entre a viabilidade dun parking e outro?, non o sabemos; ¿qué pasa? ¿qué hai algún interés de Manolo Vilar en seguir favorecendo ó Club de lates?, pode ser, non o sabemos; a nós gustaríanos sabélo, porque non é casualidade que apareza agora este tema.

O único que estamos pedindo é que quede encima da Mesa para ter todos eses datos, que pasa, como está, que situación económica está, a canto alcanza a deuda, canto lle vai a costar isto ó Concello, que intereses hai nunha nova concesión (si o hai), si hai algunha empresa detrás, non o sabemos; esas todas son preguntas que quedan no aire. A Palma non pode seguir soportando este tipo de incógnitas, é un tema sensible e nós o tratamos con absoluta sensibilidade; éste é un tema delicado, en Baiona todo o que toque a Palma é moi sensible, entón todo o que se faga alí ten que estar moi baseado coas cousas moi claras; e nós si sabemos o que vai a pasar e como está, tomaremos unha decisión; agora, de momento, non sabemos nada Sr.Vilar; vostedes volven a esa dinámica que mantivo durante 16 anos o PP dun acordo por outro acordo e ó final todo no aire e creando sempre unha dúbida: que está pasando; hai que por algo de sensatez neste asunto da Palma. Polo tanto mantemos a nosa postura de que necesitamos saber exactamente polo menos o mesmo que saben vostedes para poder valorálo. Vostede xa falou do entorno da Palma, eu non sei que vai pasar no entorno da Palma; ata agora nunca se falou do entorno, empezan a falarlo agora; ata agora era o rescate dun aparcadoiro, agora xa é a mellora do entorno da Palma; ¿qué está pasando aí? ¿qué interés hai e quen ten ese interés? ¿a quen estamos favorecendo?, todas estas cousas hai que télas claras para poder valorar, Sr.Vilar, e sobre todo saber canto se debe, si é que se debe algo, porque tampouco o sabemos; é que estamos falando no aire.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde a retirada do presente punto e deixálo sobre a Mesa, a petición do PSOE, resultando: a favor da retirada, 6 (PSOE); en contra: 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase por maioría a retirada e continuase co debate.

SR.VILAR, CMÑ.- Eu creo que xa está todo falado e todo razoado; sen acritude creo que o portavoz do PSOE, nun lapsus, ó mellor quixo anticiparse a un tema; estamos falando do acordo do rescate do aparcamento, e o futuro da Palma será debate dunha sesión plenaria, debate profundo cunha intención política de que vamos a facer no futuro, e lóxicamente o Concello pode optar por explotálo él, sería unha opción que habería que valorar; podería sacarse unha nova concesión, pero mire vostede: cando se fala de sacar unha nova concesión, de explotación, nunca pense vostede nunha entidade determinada porque iso é ter mala intención porque sempre será por un Prego de Condicións e por un concurso público e llo poderá coller calquer empresa, pero non nome vostede xa a unha entidade como é o Monterreal Clube de lates que



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ó fin e o cabo é Medalla de Ouro do Concello de Baiona, entidade que ten feito moito por Baiona pero xa intenta vostede ligálo sen estar para nada neste asunto: eu, o único que lle digo é que lóxicamente si hai unha nova concesión conlevará sen dúbida unha mellora dese aparcamento, tanto no que é o funcionamento interno como na parte exterior, que está bastante deteriorada, pero iso é futuro e pon o Concello na condición de conseguir iso; eu non quero tomar en consideración o que vostede dixo porque as veces nos debates políticos surxen estas cousas; calquer cousa que se faga na Palma será un debate público neste Pleno con total transparencia e plantexamento por parte de calquer grupo político; agora ben, creemos que nestes momentos o mellor é que non quede sobre a mesa, ó mellor é rescatar nestes términos o aparcamento da Palma e seguir nesa dirección que ó fin e o cabo é a dirección da defensa dos intereses municipais que como equipo de goberno estamos obrigados a tomar e así o vamos a facer.

SR.LORES, PSOE.- E unha pena que o equipo de goberno non se prestara a facer unha auditoría sobre a situación económica da Palma; dende o grupo socialista pensamos que era imprescindible antes de tomar unha decisión que non sabemos a onde nos vai a levar; non sei porque razón o equipo de goberno se negou a facer isto, é algo que nos extrana moito; clarificaría a situación e aportaría datos para poder tomar unha decisión; o equipo de goberno négase, el saberá porque, porque iso é negarse a ter información clara e obxetiva; a información clara sería unha auditoría; a única posibilidade de ter unha opinión obxetiva de cal é a situación e para poder tomar decisións; vostedes néganse a eso, vostedes saberán, pero o único que están facendo con esta decisión é meter máis oscurantismo no tema da Palma cando aquí o único que pide a Palma é pedir a gritos, a berros, sensatez, clarificación, como estamos, a onde vamos, que costes ten para o Concello, ¿podemosllos asumir?, ¿qué riscos?, todo iso ten que estar nesta decisión. Toda a traxectoria, toda a historia do PP na Palma foi así: decisións por opinións ou por intereses, e non digo de ningún tipo senón intereses en calquer momento seus, e así foi transcurrendo o tempo desta historia da Palma que é unha historia sensible, complicada, que este era o momento de clarificála; vostedes néganse á auditoría e nós non sabemos o porqué, pero bueno, vostedes saberán.

O Concello de Baiona vai adoptar agora unha decisión que non sabemos moi ben a que nos vamos a enfrentar, Sr.Vilar, ¿vaise aprobar un rescate dun aparcadoiro?, non, vamos a facernos cargo dunha deuda que non sabemos cal é; a Palma é patrimonio municipal, Sr.Vilar, o foi sempre, o seguirá sendo; estamos falando doutra cousa, non estamos recuperando patrimonio, estamos falando dunha deuda que hai aí, que non sabemos cal é, e que de repente nós, porque somos Teresa de Calcuta ou non sei quen, metémonos a recuperar unha deuda cando nin sabemos como vamos a sair dela, polo menos nós, vostedes non sei si teñen información; nós o único que queríamos era ter unha auditoría para saber a que nos enfrentamos e tomar decisións claras e obxetivas, sen oscurantismos, sen posibles intervencións, coas melloras que non sabemos si serán melloras ou non; falábase o outro día de 460 millóns das antigas pesetas, máis os intereses, 600, máis as deudas que hai, nós estimamos que supera os 1000 millóns de pesetas, vostede me dirá si o Concello vai facerse cargo de máis de 1000 millóns de pesetas; en principio; estamos falando de moitos cargos, polo tanto eu non creo que ninguén cun pouco de sentido común se meta nunha inversión que non sabe canto lle vai a costar, é que unha cousa que non se explica ninguén: que de repende aprobemos recuperar unha deuda, pagar unha deuda, que non sabemos nin a canto asciende, entendemos que superará os 1000 millóns de pesetas, a ver como os pagamos, e que van a pagar tódolos veciños de Baiona; si son 1000 millóns, e hai 4000 familias, sae a 2000 euros cada familia; sean sensatos, estamos falando de moitos cartos que terán que pagar as familias de Baiona e sacarán o beneficio outros.

A mín gustaríame saber, xa que non estaba daquela, cantas empresas se presentaron á concesión do parking; dígolla: unha; o capital que tiña esa empresa á que se lle concedeu non chegaba ó millón de pesetas; todas foron decisións e responsabilidade do PP, e agora vamos a tomar outra decisión de este tipo a costa de tódolos veciños de Baiona, con total alegría, de repente alguén dixo “interesa esto” e vostedes “¿para qué?, non o sabemos, metémosllo no Pleno e xa está”, non, non pode ser así, pedimos sensatez e transparencia, tódala información.

SR.ALCALDE.- Moitas gracias; conta vostede co apunte do vicetriplicado que apunta por detrás, portavocía dobre.

SR.DE LA PEÑA, PSOE.-Respeto, Sr.Alcalde.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Respeto total, faltaría máis. Mire, me río do tema da auditoría, fai 4 anos e 4 meses o Sr.de la Peña, naquel momento candidato á Alcaldía de Baiona, dixo que o Concello era un desastre, que estaba na ruina, que o Sr.Benigno Rodríguez era un desastre, e que o primeiro que ia facer cando chegara ó goberno era unha auditoría; chegou ó goberno, con 2 partidos máis, e eu pregunteille ¿cando fas a auditoría?, e dixome “non fai falta, a verdade te digo unha cousa: eu fixen a auditoría cando foi o tripartito en Baiona, a miña empresa fixo a auditoría e a metimos no caixón, as auditorías non valen para nada”, palabras textuais, e agora ven con que se necesita unha auditoría para tomar unha decisión que había que haber tomado, e de feito se tomou, no ano 95; no 95 o Pleno rescatou a concesión e non foi efectiva, a débeda, e a señora Interventora o pode corrobora, está ahí, collamos ou non collamos a concesión, ¿é así señora Interventora?, a débeda está ahí, ¿e cál é?: a que fixe o xuíz, que neste momento non a fixou; pero non ten nada que ver con esto, o que vamos a facer é rescatar unha concesión que non cumpriu, pero non cumpriu dende o ano 95.

O Sr.Lores dí que non ten información, pudo téla todo o que quixo durante ano e medio como equipo de goberno, e dende que o anunciamos fai 2 Comisións Informativas tamén o pudo facer, e ¿pediu o Sr.Lores algunha información adicional para este punto?, non, bueno non pasa nada, calquera pode ter un olvido, pero a información está aquí, e si quer máis, máis, pero o ano 95 se acordou polo Pleno da Corporación rescatar esa concesión e non foi efectivo, ¿qué pasou?, pois 12 anos despois a concesión da Palma sigue por unha Sindicatura a nivel xudicial, a través noso o ano pasado se reclamou ó Xulgado o cánon que non se había reclamado, se reclamou, aínda que de forma directa eles tiñan que pagálo, non se pagou ó Concello nin a ningunho dos provedores, polo tanto non podemos esperar ata 50 anos a que non se paguen as débedas que o Concello de Baiona ten ahí e que ten que pagar de todas formas; vamos a recoller, vamos a volver a ter esa concesión, e vamos a facer nese momento o que queramos facer, seguramente un concurso público para que a empresa que veña, que ten xa unha obra feita, unha obra en explotación, pois pague as débedas que teña que pagar para que estén aquí; para o goberno de Baiona non é máis que tratar de rescatar algo que é municipal, e tamén dicir, porque o Sr.Lores está falando de 1000 millóns, que evidentemente non o son, nin moito menos, nin vai a ter que pagar cada familia 2000 euros, non vai ser así, pero quere decirlle que os veciños de Baiona que teñan unha concesión a 50 anos e que esa concesión, que non é propiedade, vence cando vence, non se verán afectados; eles van a ter exactamente o que teñen neste momento; e o resto de prazas que, como dixo o Sr.Vilar, están coa posibilidade da concesión, van a estar ahí, e as de rotación tamén; polo tanto, non vamos a facer deixación de funcións, vamos a tratar de loitar polo que é municipal, non vamos a esconder a cabeza como a avestruz e como quer facer o Partido Socialista, hai un problema e temos que ir de fronte a resolvélo ¿e o máis comodo?: a avestruz; pero á avestruz posiblemente a cacen rápidamente e nós creemos que temos que defender os dereitos de tódolos baioneses.

SR.DE LA PEÑA, PSOE.- Por alusións, Sr.Alcalde.

SR.ALCALDE.- Non sei si me referin a vostede, pero ben, sabía que non podía resistir tanto tempo sen falar, Sr.de la Peña.

SR.DE LA PEÑA, PSOE.- Sr.Presidente, eu lle tratei sempre con respecto e exixo o mesmo respecto; vostede me citou persoalmente para falar de non sei que historias e o mínimo que podo contestar ó respecto é ter unha oportunidade de réplica ó que vostede dixo, polo tanto tódolos comentarios que fixo posteriormente, sobran.

Dito isto, eu nunca dixen que pretendera nin que fora necesario auditar o Concello de Baiona, nunca; o que sí fixen, non o dixen pero sí o fixen, cando tomei posesión como Alcalde, foi xuntarme lóxicamente cos servizos técnicos do Concello para coñecer con total exactitude cal era o estado das contas do Concello, foi o primeiro que fixen; pero non estamos falando de auditar nin coñecer o estado das contas do Concello, dunha Administración Pública que conta con equipos administrativos e que ademais, pola súa profesionalidade, están obrigados a facélo éticamente; estamos falando neste caso dunha empresa privada que leva explotando ese parking case 20 anos, estamos falando dun inicio de obras do ano 91, polo tanto 16 anos, e falando, repito, dunha empresa privada, e aquí o que se pediu era auditar as contas dunha Sindicatura de acreedores que ó mesmo o Sr.Vilar dixo que non sabía como estaba, dixo que perdían,



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

despois dixo que non sabía nada, e agora decimos que son 400, 600 ou 1000 millóns, e vostede segue sen dicir exactamente canto se debe, e nos está pedindo o voto para que asumamos algo que descoñecemos, non me parece ben nin sería súa actitude; vostede, nin auditorías, nin revisión de contas, nin moito menos inspección ás empresas privadas; o interese de recuperar esta concesión ten que ver e moito coa entrega do honor municipal, deste goberno municipal, que fai con respecto ó novo concesionario do parking do Aral, e a proba só hai que remitirse o que se está permitindo facer a ese aparcamento, a eliminación de prazas en superficie que se está facendo, e en definitiva, todas esas ventaxas que se están dando a unha empresa e que agora continuará moi probablemente co novo parking, e senón, ó tempo.

SR.ALCALDE.- A verdade é que Maquiavelo, comparado coa voz da portavocía e viceportavocía do PSOE, era un aprendiz; simplemente queren dicir que o Concello de Baiona non defenda os seus intereses, non recupere o que dél, porque hai no horizonte uns terribles empresarios que hai na Palma. Non traten de enganar a nadie, xa non enganan a ninguén, o que está claro é que o Concello de Baiona vai facer o que ten que facer e lóxicamente defender os seus intereses, os da Palma, e dicir que os intereses dos veciños que teñen a concesión a 50 anos están salvagardados, non van a ter ningún problema, pero dende logo non quero que isto siga así, creo que hai que modificar este tipo de actitudes. Se decía que a explotación era dunha empresa privada, pero creo que non se han leido o expediente, falamos dunha Sindicatura de quiebra que era quen estaba levando esta concesión, con control xudicial; pero non é esta a discusión súa, a discusión é outra, a discusión é que hai que dicir que non a todo; vamos a tratar nós polo menos de defender os intereses dos veciños de Baiona. Para rematar, como foi o Sr. Vilar quen levou este punto, vai a finaliza-lo.

SR.VILAR, CMÑ.- Moitas grazas, Sr. Alcalde. Dicir que todo isto do rescate o Concello de Baiona xa o había proposto o 17 de xullo do 2005, que por toda unha serie de recursos a nivel xudicial este aparcamento estivo durante este tempo pendente deses recursos e administrado por unha sindicatura xudicial, non por unha empresa privada, que chegado o momento de tomar esta decisión creemos que vai a ser, porque así llo atestiguan os datos que se presentaron incluso na última Comisión Informativa por parte dos servizos técnicos e xurídicos do Concello, unha operación ventaxosa para o Concello, que ffacilmente co valor incluso das prazas que están todavía sen vender por un período de concesión de 50 anos iso xa vai amortizar a deuda da Palma, e polo tanto creemos que ésta é unha decisión, se mire por onde se mire, ventaxosa para os intereses municipais, e así o saben os componentes da oposición municipal. Polo tanto nós propomos este rescate da aparcamento da Palma en defensa dos intereses municipais, nada máis e moitas grazas.

Polo Sr. Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), fronte a 6 en contra, PSOE); polo cal resulta aprobado.

E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- Requirir a Sindicatura da Quiebra de GGP UNO SL que no prazo de trinta días poña a disposición do Concello de Baiona as obras, instalacións e servizos complementarios que integran o aparcadoiro.

Segundo.- Incautar o aval núm 2.688.235 da Compañía Española de seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, SA constituído por GGP UNO SL por importe de 14.000.000 pesetas (84.141,69 euros) en concepto de garantía definitiva para responder das obrigas derivadas do cumprimento do contrato.

Terceiro.- Remitir o presente acordo a Sindicatura da quiebra GGP UNO SL, a entidade mercantil GGP UNO SL, o Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo, e a Compañía de seguros e Reaseguros de Crédito y Caución, SA.



5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA AUTORIZACION DE GASTOS PLURIANUAIS “PROXECTO REFORMA INTERIOR PARA INSTALACION DE ASCENSOR NA PRAZA DE ABASTOS”.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDIA

Como consecuencia de la realización de la obra de: “REFORMA INTERIOR PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EL EDIFICIO DE LA ESCUELA DE OFICIOS DE BAIONA”, obra financiada por la Xunta, según Resolución de 11 de junio de 2007 de la Conselleria de Presidencia y el Concello, y dado se trata de un gasto de carácter plurianual que se extiende hasta 2008, siendo objeto de una regulación legal específica en el artículo 174.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2.004, de 5 de marzo

Visto que dicho artículo exige que: “*si el importe a comprometer de cara a ejercicios futuros es superior, en el año inmediato siguiente, al 70 % del crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió, y en el segundo ejercicio, al 60 % del crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió debe ser el Pleno del ayuntamiento el que autorice la realización de dichos gastos*” y en base al informe de Intervención nº 68/07 en el que se señala que la obra a realizar supera los porcentajes antes citados, se eleva al Pleno, para la aprobación, si procede, del siguiente ACUERDO:

-“AUTORIZAR GASTOS PLURIANUALES para el ejercicio 2.008 en porcentajes superiores a los previstos en el artículo 174.3 del TRLHL para la obra “REFORMA INTERIOR PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EL EDIFICIO DE LA ESCUELA DE OFICIOS DE BAIONA”, con arreglo al siguiente cuadro:

ENTIDAD	PROYECTO	PARTIDA PRESUP.	AÑO 2.007	AÑO 2.008	TOTAL
CONCELLO DE BAIONA	04	622-63200	15.000 €	58.174,99 €	73.174,99 €
XUNTA	04	622-63200	30.000 €	30.000 €	60.000 €
TOTAL POR ANUALIDADES			45.000 €	88.174,99 €	133.174,99 €

CONTINUA.- Quero decir que este é un traballo que se vai levar a cabo para dar servizo a unha terceira planta da Plaza de Abastos para distintas Asociacións como son as Viuvas, as Amas de Casa, Federación de embarcacións de recreo, as aulas obradoiros, etc.

SR.LORES, PSOE.- Vamos a explicar un pouco este tema porque pode aparecer mañán un titular na prensa que diga que se aproba un orzamento por unanimidade de 133.000 euros para un edificio que tódolos grupos están dacordo en modificar ou en derribar; a nós parécenos que estas cousas hai que pensálas duas veces porque o outro día, na Comisión, na primeira información que nos deron sobre o PEPCHAB, falábase de que o edificio da Plaza era un edificio a derribar, no programa de CMÑ decíase que a ubicación da Plaza había que cambiála, o PP decía o mesmo, e o PSOE decía o mesmo, e agora vamos a invertir 133.000 euros nun edificio que todos temos claro que hai que tirar, ou que hai que modificar, parece que é un pouco tirar cos cartos públicos; aparentemente é unha contradicción de criterios en campaña electoral e en goberno, non sei exactamente cal é a razón.

En principio imos apoiar esta inversión porque pensamos que si o goberno actual ten a mesma capacidade de xestión que no último mandato, ese edificio vai estar como pouco 4 anos, polo tanto vamos aprobar que se instale un ascensor para as Asociacións e para tódolos veciños que queiran subir



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

porque realmente é incómodo facélo tal como esta agora; é un pouco contradictorio que coa opinión que os distintos grupos políticos temos sobre ese edificio que agora fagamos alí unha inversión de 133.000 euros; creo que estas cousas hai que pensálas de antemán e pensar o que se vai facer en cada sitio, o que non pode ser agora é que metamos alí eses cartos e en dous anos tiremos a Plaza; queremos pór isto de manifesto para evitar malosentendidos, pero como sabemos que iso non vai a ser pois polo tanto vamos a facilitarlle o acceso ás persoas que vaian a terceira planta.

SR.ALCALDE.- Simplemente por explicar e que non cunda o pánico, como veu, o que se presentou do PEPCHAB é un diagnóstico, unha información, e hai unha serie de propostas abertas para escoitar a tódolos grupos e colectivos e lóxicamente sobre iso non hai decisión tomada algunha; a Plaza ten unha estética determinada, ten unha serie de problemas que todos coñecemos, pero evidentemente son propostas que hai que estudar con detenimento.

A verdade é que incluso a mín me costa subir ata alí, e así foi reclamado por tódalas Asociacións, penso que é un tema de interés común; polo tanto, igual que vamos a facer no obradoiro aulas para a xente na planta baixa sótano, entendemos que un edificio municipal o primeiro que ten que ter é accesibilidade, e si queremos chegar ó final deste mandato (que agradezco ó Sr.Lores que considere que vamos a estar os 4 anos) vamos a tratar de que os edificios municipais teñan accesibilidade para tódolos usuarios; entón simplemente dicir iso: é un diagnóstico do PEPCHAB, pero en principio unha inversión destas características é para conservar.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE).

E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:

AUTORIZAR GASTOS PLURIANUALES para el ejercicio 2.008 en porcentajes superiores a los previstos en el artículo 174.3 del TRLHL para la obra “REFORMA INTERIOR PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EL EDIFICIO DE LA ESCUELA DE OFICIOS DE BAIONA”, con arreglo al siguiente cuadro:

ENTIDAD	PROYECTO	PARTIDA PRESUP.	AÑO 2.007	AÑO 2.008	TOTAL
CONCELLO DE BAIONA	04	622-63200	15.000 €	58.174,99 €	73.174,99 €
XUNTA	04	622-63200	30.000 €	30.000 €	60.000 €
TOTAL POR ANUALIDADES			45.000 €	88.174,99 €	133.174,99 €

6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR IMPARTACION DE ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES MUNICIPAIS.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sra.María Iglesias, Concelleira de Cultura, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Se propone al Pleno la modificación del articulado de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

por prestación de enseñanzas especiales en establecimientos docentes municipales, con el fin de mejorar la prestación del servicio, dado que diversos artículos no estaban claros y aumentando las bonificaciones establecidas a todas las especialidades que en ella se imparten

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, para su aprobación, si procede, el siguiente ACUERDO:

- “Aprobar la modificación de los artículos 2, 4, 5, 6, 7 y Disposición Final de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por prestación de enseñanzas especiales en establecimientos docentes municipales, con efectos a partir de la publicación del texto de los artículos modificados en el BOP, previos los trámites correspondientes y en todo caso para el curso escolar 2.007/2008”.

NUEVA REDACCIÓN DE LOS ARTÍCULOS MODIFICADOS DE LA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR LA PRESTACIÓN DE ENSEÑANZAS ESPECIALES EN ESTABLECIMIENTOS DOCENTES MUNICIPALES

Artículo 2º.- Hecho imponible.

Constituye el Hecho Imponible de la Tasa la prestación del servicio de enseñanzas especiales en establecimientos docentes municipales, concretamente la Escuela de Música municipal, que imparte las siguientes enseñanzas regladas:

- Grado elemental, con una duración de cinco años: preparatorio, 1º, 2º, 3º y 4º curso
- Primer ciclo de grado medio, con una duración de dos años: 1º y 2º curso

Asimismo constituye el hecho imponible de esta tasa la impartición de los siguientes cursos:

- Lenguaje musical
- Mantenimiento de instrumentos musicales

Artículo 4º.- Cuota Tributaria.

Corresponde abonar por la prestación del servicio regulado en esta Ordenanza las siguientes cantidades:

CONCEPTO	MATRICULA	CUOTAS	TOTAL CURSO
Lenguaje musical		1 cuota de 100 €	100 €
Grado elemental	50 €	2 cuotas de 90 € y 1 de 80 €	310 €
Mantenimiento	50 €	3 cuotas de 70 €	260 €
Primer ciclo de Grado Medio	50 €	3 cuotas de 190 €	620 €

Artículo 5º.- Bonificaciones

Si se matriculan varios miembros de una misma familia en Grado Elemental, mantenimiento de instrumentos, o Grado Medio, darán lugar a las siguientes bonificaciones:

1. Dos alumnos de la misma familia: Descuento de 10 € en cada una de las cuotas de los miembros de la unidad familiar. La matrícula seguiría siendo del mismo importe para los dos alumnos



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

2. **Tres alumnos de la misma familia: Descuento de 20 € en cada una de las cuotas de los miembros de la unidad familiar. La matrícula seguiría siendo del mismo importe para los tres alumnos**

En caso de producirse la matriculación de más de tres miembros de la misma familia, se aplicaría el punto 2

Artículo 6º.- Devengo.

La tasa se devenga en el momento en que se solicita la prestación del servicio, entendiéndose por tal con la solicitud de inscripción en la especialidad correspondiente, debiendo abonarse en ese momento la matrícula del curso solicitado.

En caso de renuncia al curso o especialidad solicitada, la matrícula no será objeto de devolución, salvo que sea por causas imputables a la Administración, tales como la modificación de los horarios establecidos en el momento de realizar la inscripción.

Las cuotas antes citadas, se devengan el primer día del mes de noviembre, enero y marzo.

Si la matrícula se produce una vez iniciado el curso, dentro del primer trimestre: octubre a diciembre, las cuotas no serán prorrateables, debiendo abonar la totalidad de la tasa.

Si la matrícula, por causas excepcionales, se realiza dentro del segundo trimestre: enero a marzo, se devengarán la matrícula y dos cuotas, y si se produce en el tercer trimestre: abril a junio, la matrícula y una cuota

Artículo 7º.- Gestión e ingreso.

Los interesados en el momento de realizar la matrícula proporcionarán sus datos a la Administración a efectos de formalizar la correspondiente domiciliación bancaria.

Si el ingreso de las cuotas no se produce en las fechas fijadas al efecto, se dará de baja al solicitante en la especialidad correspondiente.

Las cuotas fijadas en esta Ordenanza no son fraccionables y las bajas que se produzcan surtirán efectos en el trimestre siguiente a su solicitud, sin que quepa la devolución de la cuota correspondiente al trimestre en que se solicite la baja.

Procederá la devolución de las cuotas y matrícula cuando, por causas no imputables a los administrados, no se preste el correspondiente servicio

DISPOSICIÓN FINAL

La modificación de la presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y comenzará a aplicarse al curso 2007/2008.

SR.LORES, PSOE.- Estamos dacordo con este punto; o único decir que podíamos haber aproveitado para regular o tema do Teatro, que queda un pouquiño fora, pensamos que se pudo haber incluído ó facer esta modificación; aínda así estamos a favor desta proposta.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE).

E polo que o Pleno, por unanimidade, acorda:

APROBAR la modificación de los artículos 2, 4, 5, 6, 7 y Disposición Final de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por prestación de enseñanzas especiales en establecimientos docentes municipales, con efectos a partir de la publicación del texto de los artículos modificados en el BOP, previos los trámites correspondientes y en todo caso para el curso escolar 2.007/2008”.

7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA CONSTITUCION DAS COMISIONS ESPECIAIS.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sr.Rodal, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Resultando que o artigo 124 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais determina que son Comisións Informativas especiais as que o pleno acorde constituir para un asunto en concreto en consideración as súas características especiais e considerando que o Plan Xeral de Ordenación Municipal e Plan Especial do Conxunto histórico artístico do Concello de Baiona son asuntos de vital importancia para o noso municipio, previo dictamen favorable da Comisión informativa de Asuntos de Pleno, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Constituir as seguintes Comisión Especiais

- Comisión de seguimento do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Baiona.
- Comisión de Seguimento do Plan especial do conxunto histórico artístico do Concello de Baiona.

SEGUNDO.- Cada unha das comisión informativas especiais estará integrada polos seguintes membros proporcionalmente ó número de concelleiros que cada grupo político ten no Pleno.

- Tres concelleiros do PP
- Dous concelleiros do PSdG-PSOE
- Un concelleiro do BNG
- Un concelleiro de CMÑ

SEGUNDO.- Requerir ós portavoces dos grupos municipais para que mediante escrito dirixido ó Alcalde-Presidente adscriban á devandita comisión ós membros titular e, no seu caso, suplente que determinen no prazo de dez días



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

TERCEIRO.- As sesións ordinarias das Comisión Especiais terán lugar, con carácter previo, ó sometemento do documento que segundo o plan de traballo corresponda ó órgano de contratación competente para súa aprobación. Todo elo de acordo coa lexislación de réxime local.

SR.LORES, PSOE.- Esta é unha proposta que ben xa do mandato anterior, entendo que era un acordo de tódolos grupos de cara ás últimas Comisións; nós aquí o que pediamos era un pouco o que comentabamos ó principio do Pleno: hixiene democrática, que estas cousas se falaran antes porque aínda que estamos dacordo pensamos que non costa nada chamar ós portavoces e falar un pouco. En principio vamos a votar a favor destas Comisións.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE).

E polo que o Pleno, por unanimidade, acorda APROBAR os seguintes puntos:

PRIMEIRO.- Constituir as seguintes Comisión Especiais

- Comisión de seguimento do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Baiona.
- Comisión de Seguimento do Plan especial do conxunto histórico artístico do Concello de Baiona.

SEGUNDO.- Cada unha das comisión informativas especiais estará integrada polos seguintes membros proporcionalmente ó número de concelleiros que cada grupo político ten no Pleno.

- Tres concelleiros do PP
- Dous concelleiros do PSdG-PSOE
- Un concelleiro do BNG
- Un concelleiro de CMÑ

SEGUNDO.- Requerir ós portavoces dos grupos municipais para que mediante escrito dirixido ó Alcalde-Presidente adscriban á devandita comisión ós membros titular e, no seu caso, suplente que determinen no prazo de dez días

TERCEIRO.- As sesións ordinarias das Comisión Especiais terán lugar, con carácter previo, ó sometemento do documento que segundo o plan de traballo corresponda ó órgano de contratación competente para súa aprobación. Todo elo de acordo coa lexislación de réxime local.

8.-APROBACION, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE BAIONA NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sr.Rodal, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Asunto.- Membros do pleno da Mancomunidade da área Intermunicipal de Vigo.-

Con motivo dos cambios no equipo de goberno surxidos tralas eleccións municipais do pasado 27 de maio prodúcese o cambio nos órganos de goberno da Mancomunidade da área Intermunicipal de Vigo.

Consonte o disposto no artigo nove do Estatutos o Concello de Baiona estará representados no Pleno do ente supramunicipal polo Alcalde e máis por outros tres representantes designados polo Pleno de cada concello.

É por isto polo que, previo dictamen favorable da Comisión informativa de Asuntos de Pleno, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Designar como representante do Concello de Baiona no Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, o Alcalde, D. Jesús Vázquez □Imunia máis os seguintes membros corporativos:

- Dna. Rosa Ana Marcote Guillén, concelleira do grupo municipal do PP
- D. Manuel R. Vilar Márquez, concelleiro do grupo mixto de Coalición Miñorana.
- D. Rafael M. Estévez González, Concelleiro do grupo municipal PSdG-PSOE.

Segundo.- Remitir o presente acordo á Mancomunidade da área Intermunicipal de Vigo.-

CONTINUA.-Esta Mancomunidade da área Intermunicipal de Vigo, ó mesmo que a do Val Miñor, están presididas polo Alcalde sendo membro nato das Mancomunidades e neste caso que nos ocupa da área Intermunicipal de Vigo, temos 3 representantes con respecto ó punto seguinte que veremos, que é a área mancomunada do Miñor. Sinto moitísimo que non esté o voceiro do BNG, pero como o PP foi a lista máis votada é lóxico que teña un concelleiro do partido como representante, outro do PSOE por ser o maior grupo da oposición e a segunda lista máis votada, e o tercer representante, de CMÑ, creemos que é lexítima e lóxica a súa representación por pertencer ó equipo de goberno polo que terá que coñecer de primeira mán, con voz e con voto, os temas que se tratan nas Mancomunidades onde Baiona está representada.

SR.LORES, PSOE.- Xa manifestamos na Comisión Informativa que cando se fala de representación municipal fálase dunhas Comisións, doutras non. Queremos comentar que cando o PSOE tiña a Alcaldía neste Concello, por esa intención que tiñamos de que participase o maior número de grupos nos órganos mancomunados, cedemos o posto como grupo e quedou simplemente o Alcalde, tanto é así que despois da moción de censura, o noso grupo, sendo tamén grupo maioritario, quedou fora da Mancomunidade de Vigo; polo tanto nós entendemos que o PP tiña que facer un esforzo para que tódolos grupos da Corporación, que fora posible, estivemos representados neste organismo; como así non é, e o BNG nestes momentos non está, polo tanto tampouco vamos nós a defender o que non corresponde, pero tampouco vemos que a representatividade, a proporcionalidade das eleccións, se está respetando neste órgano, por elo nós vamos a abstermos neste punto dos representantes.

SR.VILAR, CMÑ.-Estamos dacordo.

SR.RODAL, PP.- Simplemente comentarlle ó Sr.Lores que creo que cando vostedes entraron a gobernar no 2003, e sinto que non esté aquí delante o BNG, pero creo recordar que deixaron fora da área intermunicipal de Vigo a Coalición Miñorana, simplemente alegando o que agora mesmo estamos alegando aquí.

SR.LORES, PSOE.- O PSOE non levou representante, fixo ese esforzo.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Si, igual que o PP fixo o esforzo e na Mancomunidade do Val Miñor quedou fora, creo que foi a petición do PSOE, e cedeu o concelleiro do PP, concretamente Angel Rodal, cedeu seu posto, para que entrara vostede Sr.Rafael Lores, porque entendíamos que debía ser así, creo que é equivalente a situación actual posto que na anterior CMÑ quedou fora tamén da área intermunicipal de Vigo. O BNG non está aquí, que era un pouco quen tiña que defender unha postura distinta, polo tanto non vamos a discutir nós.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por 9 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 6 abstencións, PSOE.

E polo que o Pleno, por maioría, acorda APROBAR os seguintes puntos:

Primeiro.- Designar como representante do Concello de Baiona no Pleno da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, o Alcalde, D. Jesús Vázquez □Imunia máis os seguintes membros corporativos:

- Dna. Rosa Ana Marcote Guillén, concelleira do grupo municipal do PP
- D. Manuel R. Vilar Márquez, concelleiro do grupo mixto de Coalición Miñorana.
- D. Rafael M. Estévez González, Concelleiro do grupo municipal PSdG-PSOE.

Segundo.- Remitir o presente acordo á Mancomunidade da área Intermunicipal de Vigo.-

9.-APROBACION, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE BAIONA NA XUNTA DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sr.Rodal, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto.- Membros do pleno da Mancomunidade de Concellos de Val Miñor.-

Con motivo dos cambios no equipo de goberno surxidos tralas eleccións municipais do pasado 27 de maio prodúcese o cambio nos órganos de goberno da Mancomunidade de Concellos de Val Miñor.

Consonte o disposto no artigo nove do Estatutos o Concello de Baiona estará representados na Xunta da Mancomunidade polo Alcalde con carácter nato e ademáis por catro concelleiros designados polo Pleno de cada Concello entre os seus membros.

É por isto polo que, previo dictamen favorable da Comisión informativa de Asuntos de Pleno, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Designar como representantes do Concello de Baiona, na Xunta da Mnacomunidade de oncellos do Val Miñor, o Alcalde, D. Jesús Vázquez Almuíña máis os seguintes membros corporativos:

- D. Ángel Rodal Almuíña, concelleiro do grupo municipal do PP
- D. Manuel R. Vilar Márquez, concelleiro do grupo mixto de Coalición Miñorana.
- D. Xosé Enrique Fernández Fernández, concelleiro do grupo municipal BNG.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

- **Dna. Teresa Pérez Vieira, concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE.**

Segundo.- Remitir o presente acordo á Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.-

CONTINUA.- Imaxino que neste punto non haberá ningunha discusión posto que aquí si estamos tódolos grupos representados.

SR.LORES, PSOE.- Claro que non vai haber discusión, aquí ponse de manifesto que temos os mesmos representantes os que temos 2200 votos que os que teñen 509, pero en principio esa política de estar todos aquí representados sí que se cumpre polo tanto nós vamos a defender este punto.

SR.VILAR, CMÑ.- Totalmente dacordo.

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, había un criterio claro: que no Val Miñor estiveramos todos representados; poderíamos facer unha proporción distinta pero no PP pensamos que está ben así; penso que van a ser 4 anos moi bós para a Mancomunidade do Val Miñor porque temos unha idea clara, eu estiven cos Alcaldes-Presidentes dos outros Concellos e creo que iremos unidos e que vamos a ter 4 anos de mellora importante.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por unanimidade.

E polo que o Pleno, por unanimidade, acorda APROBAR os seguintes puntos:

Primeiro.- Designar como representantes do Concello de Baiona, na Xunta da Mnacomunidade de oncellos do Val Miñor, o Alcalde, D. Jesús Vázquez Almuíña máis os seguintes membros corporativos:

- **D. Ángel Rodal Almuíña, concelleiro do grupo municipal do PP**
- **D. Manuel R. Vilar Márquez, concelleiro do grupo mixto de Coalición Miñorana.**
- **D. Xosé Enrique Fernández Fernández. concelleiro do grupo municipal BNG.**
- **Dna. Teresa Pérez Vieira, concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE.**

Segundo.- Remitir o presente acordo á Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.-

10.-MOCIONS.

Non se presenta ningunha Moción.

11.-ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS DO PSOE.- (e RESPOSTAS SR.ALCALDE (en adiante R.A.)

SR.LORES:

- ¿Me pode contestar á pregunta do Pleno anterior sobre si as casetiñas de obra na Plaza do Concello van a estar ahí todo o verán?.

SR.ALCALDE.- Si.

1.- ¿Calquer empresario de hostelería pode instalar contenedores ó lado do seu negocio para gardar utensilios?

SR.ALCALDE.- Non.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2.- Referente á tala de árbores no entorno da finca de Villa Sol, Villa de protección, quixeramos saber si hai autorización e seguimento do que alí se está talando.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no proximo Pleno. Recordar unha cousa, si queren ter contestacións no Pleno, envíen as preguntas cunha antelación de 24 ou 48 horas e así poderemos ter os informes correspondentes.

SR.LORES.- Non sei si o Alcalde é coñecedor, pero estáanse a talar árbores centenarios, como carballos, non sabemos exactamente porqué.

3.- Queremos saber si hai algún tipo de licenza para construír ou derribar algo nesa finca.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no proximo Pleno.

4.- ¿Se concedeu autorización por parte do Concello ó parking do Aral para instalar banderolas en tódalas farolas do Concello?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no proximo Pleno.

ROGO DO PSOE.- SR.LORES:

ROGO: Que os acordos da Xunta de Goberno se nos faga chegar a todos os concelleiros.

SR.ALCALDE.- Disculpen por este tema, gracias por decílo.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.